

CADERNOS DE PSICOLOXÍA

37

XULLO 2020

EDITORIAL

COEDUCAR DESDE AS MASCULINIDADES

REDES SOCIAIS E DOMINACIÓN MASCULINA

RELACIÓNS ENTRE SEXISMO, XÉNERO E
ORIENTACIÓN SEXUAL

IDENTIDADE MASCULINA E RISCOS LABORAIS:
RISCOS PRESENTES, AVANCES FUTUROS

CUSTOS DO MODELO DE MASCULINIDADE
TRADICIONAL NO FUNCIONAMENTO SEXUAL
DOS HOMES

MASCULINIDADE

INFLUENCIA DAS MASCULINIDADES
NA VIOLENCIA DE XÉNERO

OS MOZOS TAMÉN CHORAN

UNHA APROXIMACIÓN ÁS MASCULINIDADES,
Á SAÚDE E AOS RISCOS LABORAIS



CADERNOS DE PSICOLOXÍA

|||||

XULLO 2020 / VOL. 37

|||||

|||||

CRÉDITOS

|||||

CONSELLO EDITORIAL/ XUNTA DE GOBERNO DO COPG

Mª Rosa Álvarez Prada (G-1173), *decana*.
Hipólito Puente Carracedo (G-0313), *vicedecano*.
Ana Isabel Martínez Arranz (G-2573), *secretaria*.
Alejandra Isabel Fernández Rodríguez (G-1540), *vicesecretaria*.
Miguel Ángel Chouza Ponte (G-0066), *tesoureiro*.
Mª del Carmen González Pais (G-2443), *vogal*.
Fátima López Rodríguez (G-2712), *vogal*.
Eva Muíño Gómez (G-1281), *vogal*.
José Manuel Oreiro Blanco (G-1285), *vogal*.
Marina Ortega Otero (G-3973), *vogal*.
Socorro Rodríguez Holguín (G-3776), *vogal*.
Mª Concepción Rodríguez Pérez (G-3064), *vogal*.
Víctor Manuel Torrado Oubiña (G-1625), *vogal*.

CONSELLO DE REDACCIÓN

José Manuel Oreiro Blanco, *Director*
Carlos Montes Piñeiro, *Subdirector*
Mª Elena Rodríguez Borrajo
Mª Jesús López Cernadas
Mª Leonor Galiana Caballero
Alba Fernández Revaldería
Milagros Martínez García
Mª Begoña Castro Iglesias
Socorro Rodríguez Holguín

TRADUCCIÓN

Eliana Martíns Alvela

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Eva Blanco Ferreira
Mónica Figueira Rial
Rosana Lorenzo Rivadulla
Raquel Martínez Mosquera
Alicia Rodríguez Pedrares
Mª Teresa Santamónica Fernández

ILUSTRACIÓN, DISEÑO GRÁFICO E WEB, MAQUETACIÓN

uqui permui / uqui.net
Collage da páx. 63 sobre ilustración de Édouard-Henri Avril

=====

SUMARIO

=====

7. Editorial

11. Coeducar desde as masculinidades

Erick Pescador Albiach

21. Redes sociais e dominación masculina

Jorge García Marín

31. Relacións entre sexismo, xénero e orientación sexual

Beatriz Fernández Pérez e Mar Bernal Rivas

43. Identidade masculina e riscos laborais:

Riscos presentes, avances futuros

Eva Cifre Gallego e Pilar Domínguez-Castillo

63. Custos do modelo de masculinidade tradicional no funcionamento sexual dos homes

Purificación Leal Docampo e Vanessa Rodríguez Pousada

79. Masculinidade

Susana Paz Álvarez

85. Influencia das masculinidades na violencia de xénero

M^a Luz Losada Somoza

93. Os mozos tamén choran

Octavio Salazar

105. Unha aproximación ás masculinidades, á saúde e aos riscos laborais

Jose txu Riviere Aranda

EDITORIAL

Hai agora máis de dous anos, a Folga de Mulleres do 8 de marzo de 2018 sorprendeu a propias e estraños —ás súas impulsoras, aos axentes sociais e aos medios de comunicación, mesmo a nivel internacional— polo seu extenso apoio. Moitas mulleres secundaron o paro laboral/estudiantil, de consumo e de coidados; moitísimas máis saíron á rúa en manifestacións, superando calquera previsión, por optimista que fose. E un ano despois, en 2019, a convocatoria repetiu ese éxito, se cadra con menor frescura, pero con maior transversalidade. Sempre é difícil saber das razóns polas que unha problemática social recorrente acada ese punto de sensibilización colectiva que leva a que a xente se incorpore masivamente, de modo activo, á reivindicación dun cambio. Abofé que este non é o lugar para esa análise.

Con todo, algúns dos contidos de máis fondo calado desa mobilización, tamén algúns dos seus efectos inmediatos, requiren que a Psicoloxía reflexione, investigue e achegue a súa parte de solucións.

Unha das cousas que chamou a atención nas xornadas de folga e nos días previos foi o desconcerto de moitos dos homes que quixeron participar dela: non sabían ben como facelo. Ato- pamos desde os que querían secundar a folga —non, desculpa, vós non estades convocados- ao que se ofrecían a substituírnos no traballo -perdoa, o paro perdería así o seu efecto—. Nin que dicir ten que a folga de coidados foi todo un reto —mañá tes que bañar ti o meu pai dependente, e arranxar no traballo para atender a filla porque a súa *profe* tamén vai á folga—. Os máis activos nas redes sociais sufriron cando lles pedimos que ese día, mellor que opinar e bendicirnos, se limitasen a «*retuitear*» as nosas mensaxes. Por primeira vez na súa vida social non estaban chamados a ser protagonistas.

Este «efecto colateral» das xornadas de mobilización feminista ilustra ben a cerna da reivindicación. Non se trata só de rematar coa fenda salarial e co «teito de cristal», coa desigual

distribución das tarefas de coidados, coa violencia de xénero ou coa explotación sexual. Por suposto que hai que rematar con todo isto, pero varias décadas con leis que recoñecen a igualdade entre homes e mulleres, e varios anos con leis e plans para promovela, fan evidente que o camiño non se transita só con normas legais. A reivindicación feminista, a plena igualdade entre homes e mulleres peta contra un dos piares do sistema social alén do modelo económico e de poder actual. A organización social con estratificación en función do xénero —o «sistema patriarcal»— é milenaria. Mudala require cambiar o modo en que homes e mulleres nos socializamos, nos construímos como persoas. E as xeracións actuais temos, en moi boa medida, que reconstruírmonos, co custe psicolóxico que iso trae consigo; tamén coas oportunidades que achega. O feminismo, co traballo de pensadoras, científicas e artistas que cuestionan os postulados do sistema patriarcal; a través da acción social, e co esforzo de tantísimas mulleres por traspasar barreiras e gañar espazos de liberdade, ten avanzado na superación do rol tradicional asignado ás mulleres. Pero a igualdade non o será ata que nos implique a todas e a todos.

Este é o reto que se nos formula. As resistencias son importantes, e fanse manifestas en comportamentos e discursos que hoxe, por ser noticia nos medios de comunicación, cobran relevancia. Pero o cambio está aquí e non ten volta atrás. As normas do que é socialmente aceptable mudan, e con elas mudan os comportamentos; algúns calan paseniño, e cousas que hai vinte ou trinta anos chamaban a atención hoxe están normalizadas —lugares que eran terreo exclusivo dos homes e as mulleres foron ocupando; tarefas reservadas a ‘ama de casa’ que agora se comparten con normalidade—; o mesmo á inversa, os comportamentos machistas máis evidentes hoxe son sancionados pola maioría da sociedade. Pero, máis importante, cada vez máis homes están dispostos a incorporarse activamente ao cambio; porque cren na igualdade como principio para lograr unha sociedade máis xusta e máis saudable; mesmo porque aprecian que os roles que lles son impostos tamén limitan a súa liberdade e o seu benestar. Corresponsabilizarse do coidado dos fillos e

das fillas abre un tempo e unha oportunidade para gozar con eles e elas; lograr uns horarios laborais que permitan conciliar coa vida persoal deixa lugar para o lecer ou a formación, tamén para procurar espazos de relacións interpersoais á marxe do traballo; a fractura dos roles de xénero estereotipados amplía enormemente o abano de intereses aos que poder dedicarse sen sentirse marxinal; que dicir da redución da presión de ter que demostrar permanentemente ser o máis forte, o máis hábil, o máis autosuficiente; ou da liberdade de poder expresar afectos cando estamos coa nosa xente.

Reflexionar sobre esta cuestión é o obxectivo deste número de *Cadernos de Psicoloxía*: indagar nas bases e nas consecuencias para a saúde e o benestar psicolóxico do canon de masculinidade tradicional; explorar accións que nos axuden a abrir as portas a novos modelos, novas masculinidades que, desde a igualdade e a aceptación da diversidade, procuren un maior benestar individual e colectivo, maiores cotas de desenvolvemento persoal e social. Recollemos para isto contribucións de colegas que traballan en eidos diversos da Psicoloxía, e tamén aproximacións a esta cuestión desde a Socioloxía e a Educación.

Unha parte das colaboracións que conforman o monográfico analizan, desde diferentes perspectivas, a persistencia do modelo tradicional de masculinidade patriarcal e as súas consecuencias, particularmente nos homes. Beatriz Fernández, graduada en Psicoloxía, e Mar Bernal, profesora desta disciplina na Universidade de Santiago de Compostela (USC), presentan os resultados dun estudo empírico sobre as relacións entre xénero, sexismo e orientación sexual, co que pretenden indagar na crenzas e valores arredor da igualdade e os estereotipos de xénero. Susana Paz, psicóloga forense, achega unha reflexión persoal sobre a masculinidade clásica. Jorge García Marín, profesor de Socioloxía na USC, trata do papel das redes sociais (dixitais) na perpetuación e «modernización» dese modelo de masculinidade tradicional. Purificación Leal e Vanesa Rodríguez, psicólogas especializadas en sexoloxía, analizan tamén ese modelo dominante, neste caso en relación coa sexualidade, para reflexionar sobre as súas consecuencias e os retos que implica

para a educación sexual dos mozos. Octavio Salazar, profesor de Dereito na Universidade de Córdoba, membro da *Red de hombres por la igualdad* e divulgador, ofreceu e autorizou a transcripción dun capítulo do seu último libro, no que convida a nenos e adolescentes a reflexionar sobre as eivas que esa masculinidade hexemónica lles impón, particularmente no eido emocional.

As restantes achegas teñen unha óptica máis aplicada, en ámbitos específicos de intervención. Neles, a incorporación da perspectiva de xénero é esencial para promover o cambio nos comportamentos que, particularmente nos homes, esixe un modelo de sociedade igualitaria. Erick Pescador, sociólogo e sexólogo, presenta a experiencia do Programa Ulises, dirixido a educar baixo o modelo de novas masculinidades, diversas e exentas de violencia. M^a Luz Losada, psicóloga experta en terapia familiar, expón os obxectivos e a perspectiva de intervención no Programa Abramos o Círculo, no seu traballo con homes que desexan aprender novas formas de comportarse e previr condutas violentas. Por último, Eva Cifre e Pilar Domínguez-Castillo, profesoras de Psicoloxía da Universidade Jaume I e da Universidade de Valencia, respectivamente, e, por outra banda, Josetxu Riviere, educador especialista en igualdade, presentan sendas contribucións no eido da prevención de riscos laborais; neles expoñen como a introdución da perspectiva de xénero na análise de riscos e na prevención laboral (amais de ter por fin en conta ás mulleres), permite analizar os efectos dos valores da masculinidade tradicional na asunción de riscos e no autocoidado, para orientar as políticas preventivas ou promover cambios nas organizacións que fomenten valores alternativos.


Agardamos que este número de *Cadernos de Psicología* sexa do interese das lectoras e lectores, contribúa á reflexión sobre o necesario cambio que a nosa sociedade precisa para a consecución da igualdade entre mulleres e homes, e achegue ferramentas para a imprescindible extensión da perspectiva de xénero no traballo dos psicólogos e psicólogas.

O Consello de Redacción

Santiago de Compostela, setembro de 2019

COEDUCAR DESDE AS MASCULINIDADES

Erick Pescador Albiach



RESUMO O movemento social na busca da igualdade e as propias dinámicas de traballo para acadala entran nestes últimos meses/anos convulsos nunha nova era de cambios de estratexias e un maior e mellor afondamento. Xa non é dabondo co discurso de empoderamento feminino e coas loitas contra as violencias machistas estruturais e cotiás; cómpre xa dar o seguinte paso cara ao traballo cos homes e ás políticas e as intervencións educativas que traballan directamente coa causa e non só cos efectos perversos do Patriarcado, e o seu soldado o Machismo, e de quen o exerce e o sustenta.

.....

HAI QUE AFONDAR
EN COMO PODEMOS
FACER PARA QUE OS
MOZOS NA ESCOLA E
OS SEUS PAIS E AVÓS
NA CASA DECIDAN
CONSCIENTEMENTE
NON EXERCER O MA-
CHISMO NO QUE A
SOCIEDADE OS EDU-
COU E OS SEGUE A
REFORZAR.

.....

Dito doutro xeito, estamos no tempo do traballo coas masculinidades e o cambio dos homes e das ideoloxías e os valores que sustentan o seu poder discriminador. Non chega con cuestionar o papel das mulleres no reparto de poder e impoñer unha «igualación» sen reflexión senón que hai que afondar en como podemos facer para que os mozos na escola e os seus pais e avós na casa decidan conscientemente non exercer o machismo no que a sociedade os educou e os segue a reforzar.

Nas seguintes liñas relátase como e desde onde se realiza o traballo do proxecto Ulises, que é, en resumo, unha proposta coeducativa que implica e cuestiona especialmente os homes e o masculino. Ao igual que o traballo coas mulleres e a identidade feminina cara á igualdade, o proceso cos homes require dun cuestionamento da identidade, dos modos de relación e o poder coas emocións. O traballo co corpo e coas violencias aprendidas é un dos temas clave de interese, pero tamén o é na mesma liña o desenvolvemento de alternativas viables de masculinidades diversas e positivas, exentas de violencias ou que manexen a violencia de forma moi diferente á que propón o modelo de masculinidade hexemónica e dominante.

PALABRAS CHAVE Igualdade, coeducación, masculinidades, identidades, empatía, coidados, corpo, sexualidades, modelo hexemónico patriarcal, diversidade.

.....

O PROCESO COS HOMES REQUIRE DUN CUESTIONAMENTO DA IDENTIDADE, DOS MODOS DE RELACIÓN E O PODER COAS EMOCIÓN.

.....

DESMONTANDO O MACHO CONSTRUÍNDO O INDIVIDUO

Unha das partes máis importantes do proceso de cambio das futuras e presentes xeracións de homes é a revisión das construcións da súa identidade. De facto, cando os homes deciden ser o que máis desexan e non o que a sociedade lles ordena desde o xénero patriarcal, suceden cousas moi interesantes como que o machismo se reduce e a violencia desaparece como estruturadora da identidade.

No traballo na escola coa prevención da violencia, traballamos cos homes os seus modelos de violencia enraizados na construción da súa identidade de xénero e desde o cuestionamento e a demostración vivencial da súa ineficacia propoñemos outras formas posibles e sostibles de ser home. Así, por exemplo, un mozo adolescente demostrando a súa virilidade no exercicio van de autoconvecerse de ser máis e mellor que as mulleres e outros homes, pon en risco a súa vida e a vida das persoas que están na súa contorna aos mandos dunha moto, sobre un monopatín ou no consumo masivo de alcohol e drogas. Esta é unha das fotografías das mortes e dos accidentes por exceso da masculinidade tradicional patriarcal.

As outras e diversas formas de ser home comezar por ser un pouco menos macho, retomar o poder interno de forma endóxena e dar lugar a construír o «eu» desde o «eu mesmo» e non desde a representación e a proxección dun suposto poderoso (pero fráxil) home viril, que necesita mostrar e demostrar fronte ao resto o seu poder a cada paso e recibir o reforzo externo que non existe dentro: nas relacións sexuais levando a voz cantante, no amor sen deixarse levar demasiado, no traballo competitivo e na vida continuamente demostrando o que se supón que debe ser. En realidade, cando poñemos en cuestión as representacións da masculinidade hexemónica confrontamos a idea de home en loita consigo mesmo e falto de reforzo de autoestima coa do home propio que ten o seu poder en quen é e non en quen intenta ser.

SE OS HOMES SON O QUE REPRESENTAN SER, NON SENTEN PARA SOSTER O PODER E ALÍANSE COA VIOLENCIA PARA SOSTER O PODER SEN PERMITIR ESTAR EN PAZ, SEGUIRÁN SENDO INFELICES POLO QUE NON SON E VIVIRÁN EN CONFLITO PERMANENTE POLO QUE LLES TOCA SER POR MANDATO PATRIARCAL.

Se os homes son o que representan ser, non senten para soste o poder e alíanse coa violencia para soste o poder sen permitir estar en paz, seguirán sendo infelices polo que non son e vivirán en conflito permanente polo que lles toca ser por mandato patriarcal.

Nós no proxecto Ulises comezamos cos mozos e os homes adultos preguntándolles que lles moleste de ser home, que lles sobra do mandato que reciben. A primeira resposta é ningunha e o silencio, pero pouco a pouco vanse destapando os malestares ocultos que poderíamos resumir así:

- Soster e demostrar o poder.
- Estar sempre alerta e en competición.
- Apoiar comentarios machistas e bastos desde a «solidariedade masculina».
- Ter que demostrar desexo sexual mesmo se o tal non existe.
- Soster a virilidade.
- Ser sempre valente.
- Non poder demostrar medo ou tristura.
- Non poder mostrar tenrura sen recibir as bromas e o rexeitamento do outro.

Ao final, o que nos di a nosa investigación é que os homes non queren e non precisan ser tan homes, máis cando no proceso descubren outras formas máis libres de identidade. A clave, que se lles ofrezca aos homes un universo de posibilidades de masculinidades diversas e como sostelas, devolverlles o poder e empoderalos da súa diversidade sen violencias machistas.

COEDUCAR DESDE AS RELACIÓNS EN QUE OS HOMES OCUPAN XUSTO O LUGAR DA IGUALDADE

O seguinte paso natural no proceso de desmasculinización social en formas de vida e de valores do pasado e do presente patriarcal require dunha revisión no plano das relacións. Por tanto, para completar un proceso coeducativo cos homes non chega

con que teñan identidades novas a estrear senón que ademais poidan desmontar os seus *modus operandi* nos intercambios interpersoais, na amizade, no amor, no sexo, nas relacións laborais e familiares etc. Noutras palabras, a discriminación e as violencias machistas tamén infectan de patriarcado e de dominación as relacións humanas e non só as de parella¹.

Nas nosas prácticas de aula e traballos corporais e de reflexión con grupos de homes intervimos coas relacións, comezando por desmontar o mito do amor romántico e revisando os modelos principescos de Walt Disney ou de dominación de Humphrey Bogart da nosa infancia pero tamén da infancia das novas xeracións, nas que os personaxes da Patrulla Canina ou de Bob Esponja volvan repetir modelos semellantes. Primeiro ver e analizar, despois desmontar e revisar as emocións que eses prototipos de amor nos producen e por último, idear e soñar alternativas posibles pero innovadoras.

Igualmente, revisamos nese mesmo cuestionamento coeducativo con homes como desenvolvemos e xustificamos outras relacións xerárquicas nos quefaceres da casa, no traballo nos grupos de amigos e, pouco a pouco, vaise desvelando ese machismo estrutural das relacións, por exemplo, cando se reúne un grupo de parellas a cear e conversar e como determinados temas son excluíntes para as mulleres e se fai silencio ou desprezo das súas opinións ou se din cousas como : «o que a miña muller quería dicir realmente... é que a situación política... o noso equipo de fútbol... o noso coche». Cando non é directamente un «é que elas destas cousas non saben como nós», como se a masculinidade socialmente adscrita ofrecese poderes especiais e sapiencias innatas aos homes sobre algúns temas como o deporte, os coches ou a política.

[1] É por esta razón que debiamos comezar a pensar en que as violencias de xénero son só unha parte dun inmenso universo de violencias machistas que invaden a nosa sociedade desde o hexemónico masculino contra todo o que non sexa ou respecte esta forma de poder establecido. Por iso en países como Dinamarca aplícase a lei de violencia de xénero exista ou non relación de parella entre o agresor e a vítima.

=====

CATRO MIL ANOS DE
PATRIARCADO OPRE-
SOR PESAN SOBRE A
EMOCIÓN CANDO
DECIDES ABANDO-
NAR UN MACHISMO
QUE MATA

=====

No plano das sexualidades, que adoita ser a última barreira en caer fronte á necesidade dunha xusta igualdade, as emocións en forma de medo e de inseguridades actúan con rudeza á hora de intentar ser desmontadas pola lóxica do equilibrio: «por que teño esa sensación interna de inseguridade cando a miña parella expresa libre e abertamente o seu desexo sexual sen que eu o fixese antes?». Moitos homes manifestan na consulta os seus medos a non levar o control dentro das relacións sexuais e, pola contra, moitos descubren un pracer descoñecido a resolven moitas das súas problemáticas cando aprenden a deixarse levar e deixar de controlar todo nos encontros eróticos.

CORPOS DE HOMES CONTAMINADOS E LIMITADOS POLO MACHISMO

Sucede neste proceso de cognición sobre o que podería ser e non é que moi frecuentemente esquecemos o corpo que sostén as emocións. E o crucial neste caso é que moito homes conscientes da necesidade de cambiar cara a formas máis sostíbles e reais de masculinidade, non o fan porque o seu corpo non sabe como e porque a súa emoción arrastra o seu pensamento.

Catro mil anos de Patriarcado opresor pesan sobre a emoción cando decides abandonar un machismo que mata (as mulleres e a ti mesmo como home) e para reivindicar un home brando pero humano, pacífico pero poderoso, porque non precisa loitar para demostrar quen é.

O que atopo na consulta moi habitualmente, pero tamén nos grupo de formación, son moitos homes descontentos, enfadados cos cambios e corporal e emocionalmente descolocados. O noso labor comeza por situar os malestares, como dicíamos, pero tamén implicar reaprendizaxes corporais e sensitivas.

Por exemplo, moitos homes presentan cortes a niveis das sensacións e emocións máis sutís, que son visibles ata polo xeito en que respiran e se colocan posturalmente á altura do peito, moitos manifestas presión na boca do estómago e sensacións de angustia, á hora do famoso «soster o tipo masculino». E

=====

ALGÚNS DOS «EFECTOS SECUNDARIOS» DA APLICACIÓN DESTA PROXECTO ULISES SON: O CUESTIONAMENTO DO PODER PATRIARCAL, CAPITALISTA, NEOLIBERAL E REPRODUTIVO; A APERTURA EMOCIONAL, SENSITIVA E O DESENVOLVEMENTO DA EMPATÍA NOS HOMES; E POR SUPOSTO, A DIVERSIFICACIÓN DAS IDENTIDADES E DAS RELACIÓNS DOS HOMES E O ESBOZAMENTO DOS PATRÓNS E VALORES DO MACHO E OS SEUS SUPERPODERES, QUE XA NESTE TEMPO NON FUNCIONAN.

=====

nestes casos é máximo poder realizar sesións coa respiración e a relación, pero tamén co contacto sutil e a aperta e observar os increíbles avances en pouco tempo. Así acontece nas aulas cando traballamos con mozas e mozos os exercicios de masaxe, contacto consciente ou apertas, que experimentan eles en concreto, unha liberación e unha apertura emocional e afectiva que, se somos quen de sostela e reforzala, os coloca de inmediato noutras formas de identidade e de relación onde a violencia,, a competencia, o abuso ou a falta do respecto aos corpos xa non teñen cabida, ou cada vez menos.

O TRABALLO CO PROXECTO ULISES DEZANOVE ANOS DESPOIS

O Proxecto Ulises é un modelo de intervención educativa desde a investigación-acción-creación que desde o marco da coeducación, traballa no desenvolvemento doutras masculinidades diversas, a prevención das violencias machistas e na aprendizaxe dos coidados na sexualidade e desde o corpo. Tráballase en todos os marcos educativos, sociosanitarios e a través de todos os axentes socializadores. A intención foi sempre non só traballar cos homes e as súas identidades senón tamén coa proxección de valores que as mulleres e a sociedade outorga (ou outorgaba) ao masculino tradicional.

Ao longo deste anos puidemos ver a evolución e os cambios dunha sociedade e dunhas xeracións que de forma imparable se dirixen cara á liberdade, a diversidade e a igualdade real, sinxelamente porque é a dirección xusta e natural dunha sociedade en desenvolvemento; e aínda que en ocasións pantasma do pasado nos fagan ver que non se avanzou tanto, resultan meros espellismos se miramos con perspectiva: o movemento «me too», os últimos 8 de marzo a nivel mundial, e o mesmo efecto de «a manada» que nos lembra que aínda quedan uns poucos, pero que moitos cada vez máis puideron ver e demostrarse abertamente como homes en contra da violencia dos homes.

Hai case vinte anos ninguén sabía que significaba traballar coas masculinidades na escola coeducativa e, pola contra, hoxe é imposible pensar en programas que non inclúan e non consideren especialmente o cambio positivo dos homes por e para a igualdade.

Neste longo camiño nas aulas, coas forzas de seguridade do Estado, no espazo sanitario e na rúa cos colectivos e as familias puidemos ver esta evolución e como o simple feito de cuestionar criticamente a que parecía a única e hexemónica masculinidade, deu a luz un universo de dúbidas, cambios e posibilidades diversas para ser homes.

Algúns dos «efectos secundarios» da aplicación deste Proxecto Ulises son: o cuestionamento do poder patriarcal, capitalista, neoliberal e reprodutivo; a apertura emocional, sensitiva e o desenvolvemento da empatía nos homes; e por suposto, a diversificación das identidades e das relacións dos homes e o esborrallamento dos patróns e valores do macho e os seus superpoderes, que xa neste tempo non funcionan.

BREVE RESEÑA

Erick Pescador Albiach

Erick Pescador Albiach. Sociólogo e sexólogo (1995). Especialista en xénero, en masculinidades e na prevención de violencia.

Realizou relatorios, obradoiros e grupos de homes en España, Cuba, México, Porto Rico, Chile, Perú, Uruguai, Brasil e Colombia, nos que traballo con profesorado, forzas da orde, persoal sanitario, axentes sociais, asociacións de mulleres etc., desde 1994.

Imparte terapia sexolóxica e de orientación, especialmente a homes e a parellas.

Traballa en centros educativos desde a investigación-acción e para a prevención da violencia machista e a través das sexualidades e a aprendizaxe do coidado co **Proxecto Ulises** desde setembro de 2000.

Colabora co Ministerio de Sanidade na Estratexia de Saúde Sexual e Reprodutiva desde 2007.

Especialista en programas de masculinidades y de prevención de violencia machista a través de AECID (Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento), desde abril de 2011.

Entre 2013 e 2015 foi codirector do Posgrao «Curso de Especialista en intervención con homes en igualdade, xénero e masculinidades» a través da Fundación Isonomía, da Universitat Jaume I de Castellón.

Membro da Red de Hombres por la Igualdad RHX=.

Dirixe o Centro de Estudios de Género Masculinidades CEGM.

Presidente de A.C.V.E. (Asociación para la Creación de Vínculos de Equidad).

Coordina a páxina web www.masculinidades.com

Dirixe o centro Terapéutico *Casa Portalico* www.casaportalico.com

Erick Pescador Albiach

C/ Portalico, 36

12450 Jérica (Castellón)


Telf.: 656 65 70 69 / 964 129 196

E-mail: erickp@gmail.com

Web: www.masculinidades.com

REDES SOCIAIS E DOMINACIÓN MASCULINA

Jorge García Marín



«As veces por Hangout chéganme invitacións de descoñecidos con mensaxes tipo: ¿queres ser a miña amiga? Por favor, acéptame e coñéceme. Eu rexéitoas sempre, se son descoñecidos, pero cada pouco tempo chéganme estas mensaxes» (adolescente de Santiago de Compostela)

INTRODUCCIÓN

=====

DÁ A IMPRESIÓN
DE QUE POUCO
SE AVANZOU, UN
PESIMISMO INVÁ-
DENOS, MENTRES
OS NEOMACHISMOS
SE REPRODUCEN
MALIA TODO, COÁN-
DOSE POR TODOS OS
POROS DAS NOSAS
ROUTINAS COTIÁS.

=====

As masculinidades hexemónicas reforzan os seus mitos, lendas, relatos do amor romántico, a muller como posesión ou a muller como recompensa nas producións filmicas tipo Hollywood, os debuxos animados, a música comercial, os relatos dos videoxogos ou o mundo das redes sociais, entre outros.

Na posmodernidade estes axentes de socialización teñen sen dúbida unha grande importancia para a construción de identidades clásicas polos modelos de identificación que se canalizan no contexto de dominio e subordinación.

Moitas destas imaxes teñen en común o referente do modelo hexemónico de masculinidade: os actuais debuxos animados (por exemplo a recente *Los Increíbles 2*), ou as novas músicas (Maluma, Bad Bunny, Enrique Iglesias...), os videoxogos (co tóxico GTA como paradigma) ou programas lixo en horario *prime time* como *First Dates*, inciden no mesmo.

Dá a impresión de que pouco se avanzou, un pesimismo invádenos, mentres os neomachismos se reproducen malia todo, coándose por todos os poros das nosas rutinas cotiás. Ninguén pode escapar diso, nin tan sequera en plan performático lanzando as televisións pola xanela. O Grande Irmán visual postmoderno controla os nosos máis mínimos movementos desta nova «cultura afirmativa», de reconcialización e refinamento do reclamo autoritario patriarcal.

Por iso a explicación de por que aínda temos tanta violencia de xénero é fácil: a nosa cultura vén permeada por infinidade de relatos machistas que constrúen as nosas subxectividades de forma diferenciada, de forma esencialista e con novos pero ao mesmo tempo vellos *habitus* de reprodución patriarcal.

INTERÉSANOS AQUÍ
REFERENCIAR AS RE-
DES SOCIAIS COMO
NOVO BIOPODER
AO SERVIZO DO PA-
TRIARCADO, NO QUE
SIGNIFICA A CONS-
TRUCCIÓN SOCIAL E
CULTURAL DESTAS
MASCULINIDADES
HEXEMÓNICAS
POSMODERNAS

Interésanos aquí referenciar as redes sociais como novo biopoder ao servizo do patriarcado, no que significa a construción social e cultural destas masculinidades hexemónicas posmodernas (que se apropián do mundo off), de tal maneira que se perpetúan como modelos atractivos na adolescencia, tal e como demostran, noutros contextos, as investigacións de diversas autoras, entre as que destacamos Padrós (2012), Gómez (2004), Duque, (2006); Valls, Puigvert e Duque (2008), McDaniel (2005) e que coinciden en constatar:

«que entre os adolescentes existe un modelo de atractivo masculino exclusor no que, por unha banda, a ‘maldade’ considérase atractiva e, pola outra banda, a ‘bondade’ percíbese como aburrida». (Padrós, 2012: 174).

REDES SOCIAIS: VIVINDO NA MATRIX PATRIARCAL

Vivimos no imperio das redes sociais, con todo o que implica na construción das subxectividades das xeracións actuais. As nosas prácticas íntimas transfórmanse en novas dinámicas, vellas e novas autorrepresentacións que teñen como paradigma o selfie como busca do mellor dun mesmo sen un ollo externo. Pero os modelos de masculinidade e de feminidade reifícanse, reproducense, imaxes que precisan o *like* do normativo para ser correctamente valoradas e volver ao inicio da representación, por iso as desigualdades de xénero atopan novos relatos a través da exposición de pensamentos e poses virtuais. Cómpre entender os mundos virtuais para aprender a realidade.

«Os Mundos Virtuais non son só pontes ou mediacións para entender a realidade, senón que constitúen unha das formas máis perfeccionadas en que se xera a cultura actual, tornan na nova forma de aprender a realidade, de relacionarnos cos demais, de vivir a experiencia existencial da nosa época, de transmitir o coñecemento.» Carillo (2007: 103).

Identidades fluídas e indefinidas que perfeccionan a identidade real no sentido de expoñer o mellor de acordo co desexo que quero causar no outro indefinido, o que require unha selección perfecta da foto que vou subir.

CONTRIBÚEN AS NO-
VAS REDES SOCIAIS
FUNDAMENTADAS
NUN MODELO VI-
SUALMENTE MOI
ATRATIVO, PERO
CONSTRUÍDAS NA
BANALIDADE DE VÍN-
CULOS HUMANOS
«LÍQUIDOS» E ALLEOS
A DESASTRES MORAIS
DO NOSO TEMPO

Coa globalización e o pensamento único as posibilidades de escapar da rede son poucas. En palabras de Castoriadis (2006: 309), «hai que desexar ser libre, se un non desexa ser libre, non pode selo»; pero non chega con desexalo, di Castoriadis, hai que facelo, e esa praxe reflexiva e deliberada da que nos fala como posibilidade ten que loitar contra as individualidades construídas nas redes sociais, preparadas para solucionar problemas do virtual e afastadas do real.

Di Touraine (2009: 113): «a nosa representación do mundo é o que está a retrasar o noso avance. As ideas falsas, que non coinciden coas prácticas que non é dado observar, que se basean en informacións erróneas ou sinxelamente confusas, impídenos buscar, atopar e discutir os problemas reais, e polo tanto, tomar as decisións adecuadas». O peor dos novos inimigos dos individuos e da emerxencia do suxeito é a dificultade de crear distancia con respecto aos fascinantes poderes dos dominadores tecnolóxicos, a dificultade de crear conciencia sobre os problemas da humanidade (racismos, clasismos, sexismos), tal e como di Bauman (2007: 35), «as condicións da sociedade individualizada son hostís á acción solidaria; inciden negativamente na posibilidade de ver o bosque que se oculta tras as árbores (...), a sociedade individualizada está marcada pola dilapidación dos vínculos sociais, o cemento mesmo da acción solidaria».

A isto, sen dúbida, contribúen as novas redes sociais fundamentadas nun modelo visualmente moi atractivo, pero construídas na banalidade de vínculos humanos «líquidos» e alleos a desastres morais do noso tempo (tendencia á «adiaforización»).

USO DAS REDES SOCIAIS POR PARTE DOS ADOLESCENTES GALEGOS

A nosa hipótese de partida é que o uso das redes sociais reproduce os clásicos estereotipos de xénero nos seus perfís e consumos, de tal xeito que as masculinidades hexemónicas atopan nas redes sociais a prolongación perfecta para a súa necesidade de control, que é un dos alicerces básicos nos que manter a súa dominación.

Para isto, realizamos un pequeno estudo exploratorio con adolescentes de 1º e de 4º de ESO e de Ciclo Medio do Concello de Santiago de Compostela, con idades comprendidas entre os 12 e os 17 anos de idade, a través de 634 cuestionarios no ano 2017.

Seguindo a García, A. e Núñez, S. (2008: 55-56), as identidades en internet poden modularse en diversas identidades textuais, destacan as identidades coincidentes, as imaxinarias e as simbólicas:

«As identidades coincidentes adhírense ás persoas que se comportan e falan do mesmo xeito dentro e fóra do ciberespazo, aínda que coa correspondente aceleración propia de internet, do que se deriva unha maior intensidade. A continuación, as identidades imaxinarias artéllanse cando o suxeito inventa unha persoa que, en principio, non tería nada que ver o propio suxeito. Trátase dunha identidade que require dun especial denodo, polo que adoita estar limitado no tempo, agás que se axude de simulacións do tipo de Second Life ou os Sims. Finalmente, as identidades simbólicas son auténticas transformacións en forma de máscara que permite proxectar a cada persoa unha imaxe de si, en moitos casos máis próxima, real e vinculante que a que se dá fóra da rede, como se dun acto liberador se tratase.»

Neste estudo analizamos as tres identidades, xa que analizamos perfís e perigos que ven (identidades coincidentes e imaxinarias) así como o que observan ou o uso que fan da rede (identidades simbólicas).

Como datos relevantes da enquisa, cómpre dicir que:

1. Os mozos están máis tempo conectados que as mozas.
2. Existe unha gran pluralidade de redes sociais empregadas, algunhas máis descoñecidas ca outras.
3. As mozas empregan máis o móbil e a tablet e os mozos máis o PC.
4. Existe un consumo cultural diferencial de redes sociais:
 - a. Mozas: Whatsapp, Instagram, Snapchat.
 - b. Mozos: Facebook, YouTube, Twitter.

5. Aparecen perfis estereotipados de xénero.

Mozos:

- Fotos de persoas famosas e fotos de obxectos estereotipados (coches, motos, fútbol, baloncesto, personaxes de videoxogos).

Mozas:

- Fotos: románticas, persoais, familiares, de natureza e paisaxes.

6. Que observan nas redes sociais:

a. Mozas:

1. Insultar (30,4%)
2. Controlar (29,9%)
3. Facer peticións (22%)
4. Ameazar (15,2%)
5. Facer burla (32,2%)

b. Mozos:

1. Insultar (33,4%)
2. Controlar (33,9%)
3. Facer peticións (31,3%)
4. Ameazar (17,9%)
5. Facer burla (43,5 %)

7. Usos diferenciais do emprego das redes sociais:

a. Mozos:

1. Falar coa miña parella.
2. Xogar aos videoxogos.
3. Compartir imaxes persoais.
4. Coñecer xente nova.
5. Evitar o aburrimiento.
6. Ligar.

b. Mozas:

1. Procurar información xeral.
2. Transmitir sentimentos.
3. Procurar información de traballos para o instituto.

O ENCANTAMEN-
 TO DAS REDES A
 TRAVÉS DE NÚME-
 ROSOS ARTEFACTOS
 TECNOLÓXICOS E
 SOFTWARE ATRAC-
 TIVO ACENTÚA A
 RACIONALIDADE INS-
 TRUMENTAL DESTES
 AO SERVIZO DA ORDE
 PATRIARCAL.

4. Quedar con amizades.
5. Subir fotos.

8. Perigos na redes sociais:

a. Mozas:

1. Máis conscientes dos perigos das redes sociais.
2. Ven máis perigos en:
 1. Controlar os movementos.
 2. Chantaxear.
 3. Suplantar a identidade.

b. Mozos:

1. Menos conscientes dos perigos das redes sociais.
2. Ven máis perigos en:
 1. Espiar o que fas.

CONCLUSIÓNS

Nesta investigación compróbase a importancia como axente de socialización das redes sociais na conformación e na reprodución de identidades de xénero. O encantamento das redes a través de numerosos artefactos tecnolóxicos e software atractivo acentúa a racionalidade instrumental destes ao servizo da orde patriarcal. O medo á liberdade de 1941 de Fromm, hoxe en día, é un medo a non estar na rede, o ego hoxe é máis débil e ten menos capacidade de exercer a liberdade positiva creativamente, o eu é atado a un perfil dunha rede social, non se pode soportar estar fóra do mundo en liña.

O campo de batalla é dual, dividido no mundo on e offline. Por iso, para que a nosa existencia sexa completa, necesítase definir a non identidade, para non ser ontoloxicamente incompletos, o que Adorno definía como «non-identidade da identidade e da non identidade».

Aínda que sexa necesario profundar nesta realidade a través dun estudo máis amplo, analizando o uso concreto de determinadas redes sociais (cuantitativo e cualitativo), si que o noso

estudo alerta sobre os usos perigosos das redes sociais no que se refire á comunicación baseada en estruturas de dominación patriarcais (que implican suxeición e non razón), de novas «personalidades autoritarias» e máis en concreto, de identidades hexemónicas masculinas nalgúns dos ítem analizados como é a pregunta sobre os perigos observados nas redes, xa que os mozos o único perigo que ven (como dominadores) é que alguén espíe o que están a facer, mentres, pola contra, as mozas (como sufridoras e subordinadas a esta estrutura patriarcal) si detectan perigos como o da chantaxe, o control e a suplantación da identidade.

Igualmente os mozos observan peores usos das redes sociais que as mozas, o cal é lóxico xa que é o que observan no seu grupo de iguais, a reafirmación das súas subxectividades hexemónicas con prácticas de control, novos ritos de iniciación e novas linguaxes ao servizo do amo.

É dicir, que as redes sociais están a lexitimar o refuxio das masculinidades hexemónicas neses usos diferenciais.

O control do corpo feminino realízase desde o «cuarto propio conectado» polo que os espazos para fuxir son mínimos, a omnipresencia estende as súas ameazas, non quedan espazos sen control.

O problema que se nos presenta coas redes sociais é o seu mal uso, entendendo que é imposible unha volta atrás, imaxinarnos un escenario sen redes sociais. Comézase a idades moi temperás neste uso de redes sociais, e xa en 5º e 6º de primaria abundan os nenos e nenas cun móbil ou unha tablet ao seu alcance.

Os que vivimos en épocas de pre-redes sociais sabemos da importancia positiva de poder escapar da Matrix aínda que fose unhas horas, sen ter que explicar por que estamos fóra de cobertura ou o que estamos a facer xusto nese instante determinado. Esta posibilidade que non existe hoxe en día, é coartada desde unha óptica de control para estender máis os tentáculos do poder patriarcal.

Sobran exemplos desta falta de intimidade inclusive no teu ámbito doméstico. A nai dunha adolescente comentábanos que

o mozo da súa filla pedíalle fotos da roupa que levaba ese día para darlle o seu ok; a isto pódese engadir o «estar en liña» como instrumento de control dos procesos de comunicación e de relación, coa consecuente petición de explicacións etc. É dicir, son novos biopoderes de «rostros sen contorno».

Existe toda unha cultura na que crecemos, que sitúa os homes nesas masculinidades clásicas, ás veces readaptándose aos novos tempos. A sociedade cambia e as identidades de xénero tamén, pero o predominio destas subxectividades masculinas refórzase a través de diferentes axentes de socialización como os apuntados, se ben atendendo ao enfoque interseccional comprendemos que non todas as masculinidades se manifestan da mesma forma.

As masculinidades hexemónicas sofren unha «síndrome do ajolote» (anfibio mexicano que esperta a curiosidade da bioloxía, e que se reproduce sen chegar á súa etapa adulta, vivindo en estado larvario no seu lameiro), negándose a evolucionar e pasar a unha etapa diferente, polo temor de non ser ninguén.

Para concluir, cómpre destacar a importancia da educación para deconstruír as categorías dominantes de ser «home». Os nenos necesitan aprender a pensar, a falar, a sentir e a actuar desde o respecto ás diferenzas. Os docentes necesitamos, no imperio das redes sociais, subverter as prácticas docentes.

Temos a responsabilidade como formadores de futuro no camiño cara á xustiza social e á equidade. Tendo en conta o que di Ngozi (2015) no seu famoso discurso «todos/ as deberíamos ser feministas», está claro o que debemos esperar das novas masculinidades.

As nenas aprenden a encollerse, a facerse pequenas, a esperar un home salvador, a coidar e a ser emocionais. As mulleres podemos ter ambición, pero non demasiada; ter éxito, pero non demasiado (...) Educamos as mulleres para ser competidoras polo amor dos homes. Non por postos de traballo ou logros persoais. Ensinamos as mozas que non poden ser seres sexuais da mesma maneira que os mozos. A elas eloxiámolas pola súa maternidade, a eles non.

Ensinamos as mozas para ter vergoña. A sentir culpa só por nacer mulleres. Mulleres que medran silenciándose de si mesmas. Que non poden sentir desexo ou dicir o que pensan. (Ngozi, 2015, p. 41)

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Buceta, J. M. (2013). *Habilidades del Coach*. Madrid: Psicología del coaching, UNED.

Colección de NTP: 745, 830, 961, 962, 966, 967, 982. INSHT.

Ministerio de Empleo e Seguridade Social do Goberno de España (2015). *Estrategia Española de Seguridad y Salud en el Trabajo 2015-2020*.

OIT (2015). *Economía mundial: Informe «Perspectivas laborales y sociales en el mundo, tendencias 2015»*. OIT.

Reason, J. (2010). *La gestión de los grandes riesgos*. Principios humanos y organizativos de la seguridad. Madrid: Modus Laborandi.


BREVE RESEÑA



Jorge García Marín

Profesor de Socioloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Hai 25 anos comezou a interesarse por temáticas de xénero como bolseiro de colaboración do Departamento de Socioloxía da USC, tempo no que se foron introducindo materias de xénero no grao de Maxisterio, e que se puxo en marcha o único Máster que existe actualmente en Galicia en temáticas de xénero e de ter fundado o CIFEX (Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero) da USC.

Actualmente coordina o Taller Permanente de Novas Masculinidades e Cambio Social do ICE/USC e a súa publicación máis recente é *Novas masculinidades. O feminismo a (de) construír o home*.



RELACIÓNS ENTRE SEXISMO, XÉNERO E ORIENTACIÓN SEXUAL

PROXECTO DE INVESTIGACIÓN
EMPÍRICA

Beatriz Fernández Pérez

Mar Bernal Rivas



RESUMO Sen dúbida, ao longo dos anos, a concienciación, os movementos sociais, os cambios lexislativos e a investigación científica fixéronnos cada vez máis sensibles aos temas relacionados coa igualdade entre homes e mulleres. Con todo, continuamos perpetuando xeración tras xeración estereotipos negativos cara á muller e cara aos atributos que compoñen a feminidade. É por iso polo que resulta interesante reflexionar sobre as ideas, crenzas e valores que a sociedade posúe acerca de temas como a igualdade e os estereotipos de xénero. Con este obxectivo comezamos esta investigación, analizando as autopercepcións dos atributos de xénero mediante o Inventario de Rol Sexual –BSRI–, versión abreviada, de Bem (1981), e o nivel de sexismo ambivalente mediante a Escala ASI de Glick e Fiske (1996) nunha mostra de 845 participantes españois. Do mesmo xeito, solicitóuselles que indicasen a súa orientación sexual.

A masculinidade no modelo de xénero en transición e os riscos laborais

Os cambios socioculturais do século xx relacionados coa incorporación das mulleres aos ámbitos de produción, aos ámbitos educativos, participativos, sociais etc., provocaron transformacións nos modelos de xénero debido a que os ideais, roles e estereotipos vinculados aos homes e mulleres se transformaron (tanto nas dimensións socioculturais como nas subxectividade). Transformacións que tamén se relacionaban coas relacións entre os xéneros, no que supón a constitución da parella, do núcleo familiar e nos significados outorgados a todas as dimensións da vida.

Chámanse modelos e roles de xénero en transición (Velasco, 2009) na medida en que se deron transformacións dos modelos de xénero tradicionais pero aínda estes persisten de modo máis simbólico e profundo (convivindo con ideais, estereotipos, valores etc., menos tradicionais na dimensión social).

NESTE MODELO DE MASCULINIDADE, ESPÉRASE QUE OS HOMES SIGAN MANTENDO O SEU ROL SOCIAL ACTIVO DE TRABALLO PRODUTIVO, PERO TAMÉN SE ESPERA QUE CONTRIBÚAN AOS COIDADOS E AO TRABALLO NA ESFERA DA REPRODUCCIÓN SOCIAL.

Neste modelo de masculinidade, espérase que os homes sigan mantendo o seu rol social activo de traballo produtivo, pero tamén se espera que contribúan aos coidados e ao traballo na esfera da reprodución social. As posicións subxectivas de poder cambiáronse con respecto aos modelos tradicionais e de modo aparente, non existe esa xerarquía entre homes e mulleres no poder, aínda que como dicimos, no simbólico pode seguir permanecendo consideracións tradicionais dos lugares subxectivos relacionados coa diferenciación xerárquica da masculinidade e da feminidade.

É indubidable que este modelo de xénero en transición xerou procesos protectores en homes na medida que existen unhas coordenadas de relación máis alá do poder/subordinación, así como unha liberación da carga do mantemento do poder e da potencia sen concesións. Esta nova identidade de xénero, á vez, pode ocasionar resistencias na medida en que supón unha perda de privilexios en relación co modelo de xénero tradicional.

Respecto á saúde laboral, os procesos de vulnerabilidade asociados a saúde e riscos laborais danse na medida en que viven con contradición, desaxustes e desencontros o feito da demanda de incorporación de roles de xénero asociados a novos modos de masculinidade e que nas súas posicións subxectivas permanezan valores da masculinidade tradicional. Lembremos que no modelo de transición de masculinidade conviven novos roles de xénero con roles e valores tradicionais.

Doutra banda, nos espazos e contornas laborais atopamos que as mulleres ocupan posicións de maior poder e relevancia (aumento da participación de mulleres na distribución xerárquica) e isto pode ocasionar dificultades á hora de relacionarse con outros modelos de liderado e, sobre todo, con mulleres que ocupan postos de liderado.

A masculinidade no modelo de xénero contemporáneo e os riscos laborais

No marco do paso do capitalismo produtivo ao de consumo, xunto con valores e ideais máis vinculados á realización individual ao través do éxito persoal e social, os ideais de vida

baséanse no material, na riqueza e na felicidade permanente; o corpo convértese nun elemento relevante que dá conta da nosa identidade. Os roles son máis igualitarios e as esixencias e ideais sociais son moi semellantes para as persoas de calquera sexo (Velasco, 2009).

As posicións subxectivas de masculinidade e de feminidade gardan menos relación que nunca coas expresións e adscrición de xénero, así como o feito de que tanto a identidade de xénero como as expresións de xénero deixaron ao carón o binarismo para acoller a unha multiplicidade de posicións e representacións.

Á vez, é un gran valor que as persoas poidan desenvolver valores positivos asociados tanto á feminidade tradicional (trazos expresivos/comunalidade) como á masculinidade tradicional (trazos de axencia/instrumentais).

Nesta liña, nunha investigación que tiña como obxectivo coñecer as relacións entre os trazos instrumentais (asociados tradicionalmente á masculinidade) e expresivos (asociados tradicionalmente á feminidade) entre os niveis de saúde dos homes (Matud, 2019), os resultados mostraron que os homes que puntúan alto en trazos de axencia pero que tamén puntúan en trazos de instrumentalidade e expresividade, son aqueles que teñen puntuacións máis altas en escalas que miden benestar e percepción da saúde.

Este desenvolvemento de posicións de feminidade e de masculinidade de maneira pouco rixida por parte dos homes permite que poidan abandonar as suxeicións ao modelo tradicional de masculinidade e, por tanto, non ser vítimas dun modelo asociado con numerosos riscos laborais como vimos anteriormente.

Os posibles riscos asociados aos homes que teñen un modelo de masculinidade contemporáneo relaciónanse con contornas organizacionais onde se seguen mantendo a división tradicional de roles de xénero. Nestes ambientes, os homes poden sufrir problemas pola incomprensión, e non aprobación, do seu modo diferente de expresarse e relacionarse (non suxeitos ás coordenadas de masculinidade tradicional).

AS ORGANIZA-
CIÓNS PODEN
SER LUGARES DE
TRANSFORMACIÓN
DESDE OS ÁMBI-
TOS LABORAIS NA
MEDIDA EN QUE
CONSIDEREN RE-
LEVANTE APOIAR O
DESENVOLVEMENTO
DE TRAZOS PERSOAIS
ASOCIADOS COA
EXPRESIVIDADE-
COMUNALIDADE
NOS HOMES,

Apuntes para facilitar cambios organizacionais dirixidos á mellora da saúde laboral desde a perspectiva de xénero

As transformacións socioculturais que se están a dar hoxe en día relacionadas coa procura da igualdade entre os xéneros están a provocar tímidos cambios nas demandas sociais que se realizan aos homes. Aos poucos, os trazos asociados tradicionalmente á masculinidade (instrumentais e de axencia) e á feminidade (expresivos e comunais) deixan de situarse en coordenadas de xerarquización dicotómica e cada vez valóranse máis as persoas que incorporan nas súas identidades os trazos positivos asociados tradicionalmente tanto á masculinidade como á feminidade.

No ámbito da saúde laboral, descubriuse que cando as organizacións priman os valores asociados tradicionalmente á masculinidade, a calidade e a satisfacción das súas persoas traballadoras é menor que cando na cultura organizacional se fomentan os valores asociados tradicionalmente á feminidade; debido a que á súa vez é un reflexo do compromiso da organización na procura da igualdade, a solidariedade e a calidade de vida no traballo. Na liña do comentado no parágrafo anterior, na actualidade atopamos investigacións que poñen de manifesto a mellor saúde laboral de persoas cuxa identidade de xénero se caracteriza polo desenvolvemento de trazos tanto instrumentais (e asociados a tradicionalmente á masculinidade) como comunais (e asociados tradicionalmente á feminidade).

Debido ás relacións que presentan os modelos de masculinidade tradicional hexemónica tanto con problemáticas de saúde e psicosociais, como coa prevalencia de maiores riscos laborais, é un compromiso de todas as institucións e organizacións fomentar modelos e representacións de xénero alternativas que produzan cambios naquilo que se espera, foméntase e demándase socialmente dos homes. Estes cambios nas dimensións sociais e simbólicas, relacionados cos significados atribuídos á masculinidade, poderán producir a desvinculación do ideal de home e do ideal de masculinidade de trazos como a competitividade, a violencia, o sentir que o corpo ha de aguantalo todo etc.

É IMPORTANTE O
INCORPORAR NO
POSTO DE TRABA-
LLO PRÁCTICAS
ASOCIADAS TRADI-
CIONALMENTE Á
FEMINIDADE, PERO
DAS CALES TAMÉN
OS HOMES PÓDENSE
BENEFICIAR,
EN ARAS DO
FOMENTO DA MAS-
CULINIDADE MÁIS
CONTEMPORÁNEA.

Estamos nun momento onde se fai imprescindible realizar estas novas resignificacións e modificar os valores, estereotipos e roles asociados á masculinidade tradicional. Consideramos que as organizacións poden ser lugares de transformación desde os ámbitos laborais na medida en que consideren relevante apoiar o desenvolvemento de trazos persoais asociados coa expresividade-comunalidade nos homes, pois isto permitirá aos homes traballadores que poidan expresarse e ter formas de relación que superen a normatividade tradicional demandada aos homes.

Nesta liña, e partindo do estudo realizado por Seaton e os seus compañeiros (2018) en lugares de traballo dominados por homes, é importante o incorporar no posto de traballo prácticas asociadas tradicionalmente á feminidade, pero das cales tamén os homes pódense beneficiar, en aras do fomento da masculinidade máis contemporánea. Isto incluíría a promoción de actividades de goce e a construción de cohesión grupal. Deste xeito, deberían deseñarse estratexias a medida para as necesidades dos homes deste tipo de empresas, que deberían incluír por exemplo actividades de benestar (ximnasio, spa etc.) en horario laboral, e estratexias positivas que facilitasen a camaradería grupal. É importante considerar ademais que nestes contextos predominantemente masculinos é un dos lugares onde se establecen os ideais masculinos, polo que pode supoñer unha boa estratexia fomentar modelos alternativos ao modelo tradicional nestes mesmos lugares. Está na man de todos (e todas) conseguir lugares de traballo e de vida máis igualitarios e satisfactorios.

BIBLIOGRAFÍA

- Ballester, R., Gil, M. D. e Giménez, C. (2015). Psicología de la salud y género. En E. Cifre, M. Vera, e F. Sigani (Coords.), *Género, salud y trabajo* (pp. 65-86). Madrid: Pirámide.
- Borrell, C., e Artazcoz, L. (2008). Las desigualdades de género en salud: Retos para el futuro. *Rev Esp Salud Pública*, 82, 245-249.
- Douglas, M (1996). *La aceptabilidad del riesgo según las ciencias sociales*. Barcelona: Paidós Studio.
- Encuesta Nacional de Condiciones de Trabajo 6ª EWCS-España (2015). Gobierno de España. Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Madrid: Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo.
- Engel, G. (1980). The Clinical Application of the biopsychosocial model. *American Journal of Psychiatry*, 137, 535-544.
- Essau, C. A., Lewinsohn, P. M., Seeley, J. R. e Sasagawa, S. (2010). Gender differences in the developmental course of depression. *Journal of Affective Disorders*, 127, 185-190.
- Estadística de Accidentes de Trabajo (2017). NIPO: 270-15-018-5. Gobierno de España. Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social. Recuperado de <http://www.empleo.gob.es/estadisticas/eat/welcome.htm>.
- Frazier, L., Yu, E., Sanner, J., Liu, F., Udtha, M., Cron, S., ... Bogaev, R. C. (2012). Gender Differences in Self-Reported Symptoms of Depression among Patients with Acute Coronary Syndrome. *Nursing Research and Practice*, 2012, 109251.
- Garrosa, Eva e Gálvez, Macarena (2013). Salud laboral. Factores y riesgos laborales. En Bernardo Moreno e Eva Garrosa (coords.), *Salud laboral, riesgos laborales psicosociales y bienestar laboral*. Madrid: Pirámide.
- Londoño, C., Peñate, W. e González, M. (2017). Síntomas de depresión en hombres. *Universitas Psychologica*, 16(4), 1-19.
- Matud, M. P. (2019). Masculine/Instrumental and Feminine/Expressive Traits and Health, Well-Being, and Psychological Distress in Spanish Men. *American Journal of Men's Health*, 13(1), 1-11.
- Riviere, J. (s/f) *Hika*, 215, 20-21. Obtdo de http://www.euskadi.eus/contenidos/informacion/gizonduz_areas_documentos/eu_def/adjuntos/articulo_riesgos_laborales.pdf
- Seaton, C. L., Bottorff, J. L., Oliffe, J. L., Medhurst, K. e DeLeenheer, D. (2018). Mental health promotion in male-dominated workplaces: Perspectives of male employees and workplace representatives. *Psychology of Men & Masculinity*. Advance online publication.
- Velasco, S. (2009). *Sexos, género y salud*. Madrid: Minerva Ediciones.

- Velasco, S. (2015). El sistema sujeto/sexo/género y el sistema biopsico-social. Un marco teórico para el enfoque de género en salud. En Eva Cifre y M. Carmen Pastor (eds.), *Salud, emociones y género*. Castellón: Publicacions de la Universitat Jaume I.
- Vera, M., Cifre, E. e Pastor, M. C. (2015). Psicología de la Salud Ocupacional, Emociones y Género. En E. Cifre, M. Vera y F. Signani (Coords), *Género, Salud y Trabajo. Aproximaciones desde una perspectiva multidisciplinar* (87-113). Madrid: Ediciones Pirámide.

BREVE RESEÑA

Eva Cifre Gallego

Profesora titular de Psicología Social na Universitat Jaume I (UJI) de Castellón. Máster en Prevención de Riscos Laborais e Máster en Estudos de Xénero. Doutora en Psicología do Traballo.

Coordinadora do grupo de investigación GeST (Xénero, Saúde e Traballo, <http://gest.uji.es>), que ten como obxectivo a análise e a intervención en saúde psicosocial no traballo desde unha perspectiva de xénero. Directora do programa de doutorado interuniversitario de estudos interdisciplinarios de xénero na UJI.

Participou en 21 proxectos de investigación competitivos (en 3 deles como investigadora principal) ademais de en actividades de consultoría en prevención de riscos psicosociais. Actualmente está a dirixir 2 proxectos de investigación con mulleres líderes sobre identidade de xénero e saúde psicosocial. Autora de máis de 50 artigos publicados en revistas científicas, 3 libros e 19 capítulos de libro, editora de 5 libros, máis de 110 presentacións a congresos e 2 patentes de ferramentas de avaliación de riscos psicosociais.

Presidenta e organizadora de 2 congresos de Saúde, Emocions e Xénero na UJI (2014 e 2016).

Membro do Instituto Universitario de Estudos feministas e Xénero na UJI, de asociacións como a EAWOP, SOHP, IAAP, AMIT, membro da xunta directiva da rede GENET (estudos de xénero), e patroa da Fundación Isonomía.



Eva Cifre Gallego



Pilar Domínguez-Castillo

Pilar Domínguez-Castillo

Licenciada en Psicoloxía, Máster en Estudos de Xénero, Máster en Cooperación ao Desenvolvemento e especialista en Xénero, Saúde e Violencias (con diferentes posgraos en Intervención Psicosocial e Intervención en situacións de violencia).

Na actualidade realiza a súa tese doutoral sobre «Os determinantes de xénero na saúde psicosocial de mulleres coidadoras e a súa relación cos mecanismos psíquicos do poder na construción da subxectividade».

A súa traxectoria laboral estivo asociada coa cooperación ao desenvolvemento en diferentes países, coa educación ao desenvolvemento en diferentes ONGD así como co acompañamento psicolóxico a mulleres que foron (ou son) vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Na actualidade, combina o seu traballo no grupo de investigación «Xénero, Saúde e Traballo, GeST» da Universitat Jaume I, coa docencia como profesora asociada na Universidade de Valencia e como psicoterapeuta con mulleres que sufriron violencias de xénero desde a Casa de la Dona, Ajuntament de Torrent.

Realizou diferentes publicacións sobre a saúde biopsicosocial das mulleres e a construción da subxectividade, as metodoloxías participativas na investigación sobre coidados, claves no acompañamento a mulleres que sufriron a explotación e a violencia sexual así como publicacións relacionadas co dereito á educación nas políticas supranacionais (todo desde un enfoque de xénero).

CUSTOS DO MODELO DE MASCULINIDADE TRADICIONAL NO FUNCIONAMENTO SEXUAL DOS HOMES

Purificación Leal Docampo

Vanessa Rodríguez Pousada



RESUMO Neste artigo pretendemos realizar unha breve análise da factura a pagar no desempeño sexual dos homes baixo a influencia do modelo patriarcal, por descontento suxeito ao esquema monosexual, e que como profesionais abordamos en diferentes espazos educativos, terapéuticos e de investigación.

As revolucións sociais, sobre todo feministas e sexuais, a partir de mediados do século XX, conseguiron derrubar os cimentos da estrutura do xénero baseada no biopoder ou sistema de produción-reprodución. En pleno século XXI, baixo o dominio neoliberal, ábrese paso un mercado de diversidade sexual que, ante a aparencia de normalización dun amplo espectro de identidades, as regula e limita as prácticas sexuais, na súa maioría, a modelos de hexemonía falocéntrica. É aquí onde imos reflexionar, sobre algunhas das consecuencias destas prácticas catalogadas de heterosexuais e sometidas á ditadura do pene nos encontros sexuais. Propoñemos repensar a nosa dimensión sexual e esa falsa aparencia de liberdade na construción das nosas identidades, desexos e expresións sexuais, á vez que reclamamos máis implicación nunha educación sexual de calidade que nos dote de habilidades para enfrontarnos a unha sociedade plural e libre de estereotipos machistas e que acompañe as persoas na súa evolución desde os inicios da vida.

PALABRAS CHAVE Envellecemento, traballadores maiores, identidade social, organizacións inclusivas.

Describir a influencia do modelo de masculinidade tradicional sobre o funcionamento sexual dos homes desde o ámbito da sexoloxía, como se nos solicitou, obríganos a exploralo desde unha análise crítica do esquema monosexual en que se asenta e que comporta a división sexual dos corpos en categorías dicotómicas excluíntes, con atribucións xenéricas diferenciadas e unha soa orientación do desexo heterosexual. Aínda que o encaixe no modelo heterosexual, cuestionado ou sen cuestionar, é valorado positivamente por unha porcentaxe elevada de homes inscritos neste rexistro, advertimos que no desenvolvemento deste artigo poñeremos o foco nos custos da alienación patriarcal, por definición penecentrista e con posible factura terapéutica, onde a

PARA ABORDAR
A SEXUALIDADE
MASCULINA NO CON-
TEXTO TRADICIONAL,
É DE OBRIGADA
REFERENCIA A SEXUA-
LIDADE FEMININA,
QUE O PATRIARCADO
ENMARCA NA COM-
PLEMENTARIEDADE.

masculinidade, como sinalan a maioría de investigacións, ten a obrigada peaxe de mostrarse publicamente en diversos contextos e no sexual de demostrar a súa virilidade, o que supón afastarse da feminidade e de calquera práctica sexual que cuestione a súa heterosexualidade.

Unha das concepcións máis profundas desenvoltas sobre a sexualidade é sen dúbida a de Foucault (1979); partindo da análise do poder, dinos que o termo aparece a principios do século XIX en relación ao campo do saber e o desenvolvemento de *normas* como métodos de control social positivos, naturalizados e en parte implícitos, e que reguladas a través de institucións relixiosas, médicas, xudiciais ou educativas, van conformando as experiencias individuais en recoñecibles como suxeitos dunha sexualidade. A experiencia do recoñecemento, para poder construírnos como seres sociais viables e adquirir un sentido de pertencía, no caso do sexo é de obrigada adscrición a grupos socioculturais xenéricos. Na nosa orde social o xénero crea un marco heteronormativo de estrutura xerárquica desde onde se sexualizan as diferenzas biolóxicas en dúas categorías excluíntes, home-muller, e subordina unha á outra; o que explicaría como o modelo de dominación masculina materializouse, en parte, no uso exclusivo da sexualidade e control da fidelidade feminina, enxalzando como equivalencia simbólica as chamadas virtudes da muller como nai esposa, raíña decente e anxo da casa. Por iso, para abordar a sexualidade masculina no contexto tradicional, é de obrigada referencia a sexualidade feminina, que o patriarcado enmarca na complementariedade.

Tendo en conta que vemos o que se nos ensinou a ver, co inherente risco de caer no dobre cego e seguir transmitindo o que aprendemos, foi a partir da deconstrución da cultura de xénero, propulsada polo feminismo, como alcanzamos a comprender o acato das súas normas. A repetición constante dos códigos masculino e feminino, cos reforzos afectivos, aplicados dende a infancia, cada vez que se cumpre con estes mandatos, desvélannos como se constrúen as identidades sexuais, cos seus discursos diferenciados, e o non cuestionarse que son o resultado dun profundo armazón provinte da socialización. O

NO ESCENARIO
ACTUAL ATOPÁMO-
NOS A EXPANSIÓN
DO MODELO DA DI-
VERSIDADE SEXUAL,

discurso feminista, segundo Laura Nuño (2010), centrouse nas ambicións existencialistas da muller, na análise desa suposta felicidade normativa onde a súa realización persoal ou feminina supoñía pasividade sexual, subordinación ao home e xestión do coidado. Desde Simone de Beauvoir, quen se cuestionou sobre como era posible que un dos dous sexos chegara a afirmarse como o único esencial, ou como alteridade pura, e de onde viña esa submisión das mulleres e o non interrogarse sobre esa soberanía masculina, o que máis tarde Betty Friedman bautizou como «o problema sen nome»; a «o político é sexual» de Kate Millet que abre o debate público para dar visibilidade a como a esfera privada e persoal da muller son o centro do exercicio do poder patriarcal; ata o debate actual, centrado nas diversas formas de violencia de xénero no marco da parella e institucións, desde a prostitución ou o aluguer de ventres, por citar algunhas; o xénero, como unidade de análise, revela que esta división sexual serviu e serve para garantir a estabilidade do sistema de produción-reproducción dunha sociedade capitalista, o que Foucault (1979) denomina biopoder ou biopolíticas, que procuran a incorporación controlada dos corpos á produción.

Dentro dos estudos con perspectiva de xénero, autoras como Dolores Juliano (2004), consideran que aínda que a deconstrución do paradigma imperante socavou as bases dos modelos androcéntricos postulados desde a Ilustración como a maneira racional de ver o mundo, a perda de referentes, que supón a crítica postmoderna, non resulta tan angustiosa para as mulleres como para os homes, detentadores privilexiados dos discursos cuestionados. O desmantelamento teórico de mitos naturalizados a través dos mandatos de xénero e asentados no modelo puritano vitoriano do século XIX, como o instinto maternal, o amor romántico ou procura da media laranxa, a monogamia e pasividade sexual da muller, que a supeditaban ao coidado e aseguran a descendencia lexítima do home; xunto á denominada Revolución Sexual a mediados dos anos 60, que implicou unha revalorización do corpo que goza e lexitimar o pracer sexual feminino ao separalo da reprodución grazas á incorporación da pílula anticonceptiva, supuxeron un cambio de paradigma

NESTES MOMENTOS,
ONDE AS RELACIÓNS
SEXUAIS, AFECTIVAS
E ECONÓMICAS MES-
TÚRANSE, RICARDO
FANDIÑO E VANESSA
RODRÍGUEZ (2018)
SINALAN COMO «A
DECONSTRUCCIÓN
DO EU ESTABLECIDO
XERA RESISTENCIAS,
E RESULTA MÁIS
FÁCIL PENSAR NO
DIVERSO COMO
ANEXO DO XA ESTA-
BLECIDO, DE MODO
QUE QUEDA RELEGA-
DO AO ESPAZO DE
«O OUTRO»

na maneira de entender a condición sexual. A partir de aquí, a estrutura sociopolítica tradicional e os relatos relixiosos cuestionáanse, as políticas de igualdade entre os sexos pasan a ser unha máxima e a despatoloxización de identidades e prácticas un continuo. O xénero, desnaturalizado, pasa a considerarse un constructo sociocultural que permite saír do dualismo sexual, ser muller ou home unha elección e o termo trans* un paraugas que aglutina todas as identidades sexuais posibles e desexadas.

Aínda que, no escenario actual atopámonos a expansión do modelo da diversidade sexual, promovido por movementos LGTBI e *queer*, con todo, como apunta Judih Burthel (2010) «sería un erro subscribir unha noción progresiva da historia, onde diferentes marcos van sucedéndose e suplantándose, porque ningunha desas historias pertence ao pasado, continúan ocorrendo dunha forma simultánea e solapadas no mesmo instante en que se contan». A sombra do patriarcado é demasiado alonxada, e nestes momentos, onde as relacións sexuais, afectivas e económicas mestúranse, Ricardo Fandiño e Vanessa Rodríguez (2018) sinalan como «a deconstrución do eu establecido xera resistencias, e resulta máis fácil pensar no diverso como anexo do xa establecido, de modo que queda relegado ao espazo de «o outro» e en conflito por non poder pensarse como unha forma máis de realidade» é ante a ameaza e angustia que produce mostrar unha identidade que pode ser tachada de anormal cando se incorporan os modelos heteropatriarcales como forma de aferrarse ós modelos coñecidos que se entrevén como máis seguros.

MASCULINIDADES, PORNO, PROSTITUCIÓN E VIOLENCIA SEXUAL

Exemplo de que o patriarcado se está a reinventar constantemente foi o xurdimento, a finais do século XX, das chamadas novas masculinidades, que no século XXI proliferan cada vez máis como un produto de consumo dentro do marco capitalista, ata entón ocupado no corpo e na sexualidade feminina. A partir

A IDEOLOXÍA CON-
 SERVADORA DE
 DOMINACIÓN DO
 HOME SOBRE A MU-
 LLER PREVALECE
 NA PORNOGRAFÍA
 HETEROSEXUAL, QUE
 APENAS SE CUES-
 TIONA, MÁIS BEN
 PENETRA A PSIQUE
 DA POBOACIÓN

de mediados do século xx, as revolucións sociais, feministas e sexuais, que fixeron cambalear os cimentos do patriarcado, provocaron un enfraquecemento do concepto de masculinidade tradicional e hexemónico, caracterizado por estar desprovisto de empatía e de sentimentos, ben recollidos na frase «os homes non choran», o que propiciou que a masculinidade se amosase como un fenómeno en continua construción e deconstrución e que comece a farse de masculinidades en plural. A finais do século xx vólvese viral o fenómeno metrosexual que adopta do ideario feminino os canons de beleza e de obxectualización do corpo do home. Desde entón flúen multitude de modelos nun reconstruír permanente da masculinidade e as súas correspondentes etiquetas, que baixo a aparencia de avanzar contra o modelo tradicional non logran librarse do binarismo opresor que rendibiliza o neoliberalismo. Agora o corpo do home tamén se utiliza como mercadoría e actúa como «obxecto» pasivo de desexo; pero a diferenza da muller, isto supónlle un plus no seu status de conquistador, en parte porque en ningún momento represéntase como obxecto pornográfico (González, Álvaro, 2017). Pola contra, a ideoloxía conservadora de dominación do home sobre a muller prevalece na pornografía heterosexual, que apenas se cuestiona, máis ben penetra a psique da poboación. Sabemos, como di Rodrigo Jarpe (2018), que a omnipresencia e o fácil acceso á pornografía son unha realidade ata o punto de converterse nos educadores sexuais da poboación xeral, sobre todo adolescente de hoxe en día. O porno de masas, *hardcore mainstream*, preséntanos mulleres, á vez que pasivas —fóra de prácticas masturbatorias—, hipersexualizadas, insaciabes e de orgasmos múltiples provocados por homes sementais, posuidores dun gran pene e con ereccións que duran horas e terminan en exaculacións explosivas. Relacións de dominancia e submisión onde non se contemplan nin emocións nin afectos, o que nos remite ao modelo de masculinidade tradicional.

Para algunhas persoas o porno é o único modelo que define o erotismo, esa parte da sexualidade que non a esgota pero que ás veces se confunden en termo. Se se ten en conta, como di Marcela Lagarde (2011), o enorme peso do erotismo na construción

=====

MERECEN UNHA RE-
VISIÓN PROFUNDA
AS CONSECUENCIAS
DESTA SEXUALIDADE
VICARIA, É DICIR, AS
AGRESIÓNS SEXUAIS
SEN OU CON VICIADO
CONSENTIMENTO,
QUE AS ESTATÍSTICAS
MOSTRAN EN CON-
TINUO AUMENTO
A PESAR DE QUE SÓ
UNHA ÍNFIMA PARTE
SAEN Á LUZ.

=====

ción do xénero, manifesto en que a preferencia erótica non asignada ou contraria á considerada natural ou heterosexual, pon en dúbida a definición xenérica do suxeito, non é de estrañar, nun momento en que a educación sexual está en mans das redes sociais e na pornografía, que desde nenas téñase a crenza de que para ser desexables haberá que autocousificarse ou parecerse ás estrelas do porno. Pola súa banda, os homes asiduos ao porno poden proxectar que as súas parellas estean sempre e inmediatamente listas para o coito, aínda que isto sexa irreal. Como consecuencias negativas do abuso do porno atopámonos, na consulta sexolóxica, conflitos de parella relacionados coa perda de interese en encontros sexuais e a incapacidade para excitarse coa parella real, acompañados, case sempre, dunha diminución da autoestima da muller que se autorreprocha por non sentirse á altura e dunha inhibición do desexo sexual cando non rexeitamento total a que a toque. A presenza de disfunción eréctil inducida pola pornografía, segundo Rodrigo Jarpe (2018), pasa a ser un problema en aumento e explicárase por unha falta de desexo nos homes dada unha sobreestimulación de dopamina provocada pola exposición reiterada á pornografía na internet. Engade que os contidos pornográficos cada vez son máis violentos, o que xera realidades distorsionadas, sobre todo en adolescentes, que teñen unha idade media de acceso de 12 anos. Chegado a este punto, é necesario resaltar unha realidade destes momentos, que a toque de tecla se pode acceder á maior cousificación feminina, á súa degradación con expresións do tipo «porcas, raposas ou putas», ata chegar aos vídeos que amosan a mulleres sufrindo e sendo violentadas por homes como os máis visitados, o que á súa vez fortalece unha industria bilionaria que erotiza a violencia sexual, ás veces extrema, contra as mulleres xustificándoa como fantasía. Mercantilización da dor e malos tratos das mulleres, chegando a violacións denunciadas por actrices porno, todo dentro da legalidade para satisfacer o erotismo dos homes.

A violencia sexual exercida contra as mulleres, explícita ou implícita, ten raíces históricas na maioría das sociedades e simboliza o maior sometemento, desprezo e humillación do sexo

A PROSTITUCIÓN
 PODERÍA CONSI-
 DERARSE COMO
 UN ESPAZO DE
 SOCIALIZACIÓN
 MASCULINA ONDE,
 ADEMAIS DE PRIMAR
 O SEXO RÁPIDO E
 SEN COMPROMISO,
 REAFÍRMASE A MAS-
 CULINIDADE BAIXO
 A IDEA TRADICIONAL
 DO SEU DOMINIO
 NA ORDE SOCIAL E
 A FORZA SIMBÓLICA
 DO DIÑEIRO.

feminino. A través dos séculos, sexa como botín de guerra en conflitos armados, dereito de pernada ou como débito conxugal, por citar algunhas, existiu unha total impunidade cara aos homes que a exercían; por iso, hoxe en día, merecen unha revisión profunda as consecuencias desta sexualidade vicaria, é dicir, as agresións sexuais sen ou con viciado consentimento, que as estatísticas mostran en continuo aumento a pesar de que só unha ínfima parte saen á luz. E, chegados a este punto, deixemos de responsabilizar as hormonas, porque, como dicía Casilda Rodríguez (2008), debemos ter presente que a testosterona non determina o arquetipo patriarcal de masculinidade, e que a libido masculina non vén unida nin á agresión nin á violencia, senón ao pracer e á compracencia. É necesario refacer o paradigma de masculinidade acorde coa economía natural da libido, e para iso é preciso derrubar o prototipo machista ao uso, é dicir, o paradigma da prepotencia masculina que segue operando a nivel simbólico e esixindo o sometemento do sexo feminino, onde a violencia machista aparece como un modo de defensa ante un ego que sente ameazado por non ser recoñecido como superior.

Na era do erotismo convertido en rendemento e o corpo en mercadoría, non podemos desvincular pornografía de prostitución. Aínda que se xustifica e naturaliza co mito «a prostitución é o oficio máis antigo do mundo», sábese que é a partir do século XVIII cando xorde a prostitución como fenómeno social de masas, da man da economía capitalista. A prostitución, como describen en *El putero español* Silvia Pérez, Águeda Gómez e Rosa Verdugo (2015), é un fenómeno xeneralizado, atravesado polo xénero e só desde esta perspectiva cabe analízalo. Entre varias definicións, a prostitución podería considerarse como un espazo de socialización masculina onde, ademais de primar o sexo rápido e sen compromiso, reafírmase a masculinidade baixo a idea tradicional do seu dominio na orde social e a forza simbólica do diñeiro. Abandonados os rituais de tránsito de neno a home, acudindo a un prostíbulo acompañados dun adulto próximo que podería ser o seu pai, cada vez úsase máis en grupo, crecente entre os mozos e os adolescentes, o que podería interpretarse como un ritual de pertenza, onde o interese

Á HOMOLOGACIÓN
DO MODELO DE
RESPOSTA SEXUAL
HUMANA PROPOSTO
POR MASTERS E
JOHNSON HAI
MEDIO SÉCULO.

erótico non é o fin en si, senón o medio de enxalzar a amizade nun contexto de lecer e diversión de pares. Ante a perda do poder da masculinidade tradicional e a incapacidade para asumir as regras da reciprocidade entre os dous sexos, a compulsión sexual ou crenza de posuír un instinto básico que o empuxa a descargar a tensión sexual podería ser un aceno de identidade, que baixo o mandato patriarcal controla o «ser verdadeiramente un home» a través da coacción do grupo. Na súa vertente máis depredadora atopámonos coas chamadas «manadas» ou violacións en grupo, que desde o discurso falocéntrico séguese culpabilizando a presa. A estas prácticas colectivas de reprodución do machismo, Marcela Lagarde (2011) chégaas a considerar como espazos de realización da homosexualidade xeneralizada entre homes heterosexuais sometidos ao patriarcado. A relación privilexiada e de poder é entre os homes, os verdadeiramente humanos, os que se admiran e se aman, e elas, os medio-obxectos para desenvolver o erotismo prohibido entre eles. É un simulacro de masculinidade no machismo, unha teatralización do poder patriarcal, onde demostrar a capacidade e a potencia erótica, onde probar a virilidade fronte os outros, máis que de satisfacción do desexo sexual.

DISFUNCIONS OU ALTERACIONS SEXUAIS

Nun momento en que o mercado de consumo invade fogares e vidas, e onde minimizar esforzos e maximizar beneficios é a máxima, non menos poderíase esperar das relacións sexuais e afectivas, o que Zygmunt Bauman (2005) chamou «amor líquido», en referencia á fragilidade do vínculo que se establece entre persoas cada vez máis preocupadas pola satisfacción inmediata, o acumulo de experiencias e prácticas sexuais, similar o modelo porno - prostitucional. Parecece que medio século servise para dar un xiro radical, con todo, imos tentar esclarecer como o modelo tradicional, de arraigamento patriarcal, onde o home mide a virilidade pola súa capacidade sexual baseada no carácter inmediato do coito, enfróntase ao paradigma sexual

BAIXO O AUTOENGANO DE VIVIR EN PLENA LIBERDADE, O CONTROL SOCIAL, A CONFORMIDADE E A PROCURA DE IDENTIDADE DÉIXANOS NUNHA POSICIÓN DE VULNERABILIDADE, QUE NO CASO DO HOME GRAVITA EN TORNO AO RENDIMENTO CON MÉTRICAS PENEANAS RELACIONADAS CO TAMAÑO, TEMPO, DUREZA E NÚMERO DE PENETRACIÓNS.

actual enfocado desde as relacións de intercambio e igualdade que, tras a incorporación do anticonceptivo e liberación da carga reprodutiva, deixa ao descuberto unha axenda erótica máis activa da muller. A mirada androcéntrica, da chamada liberación sexual da muller nos anos sesenta, recóllese baixo o slogan «a virxindade produce cancro: vacínate». A naiesposa pasiva e receptiva ás arremetidas do home pasa a ser demandante de encontros sexuais, o que desembocaría nunha serie de discordanancias no que, como, cando, canto e onde do axuste sexual. Esta inversión da demanda converte o home en obreiro da maquinaria sexual e entre as súas consecuencias estaría a angustia por non dar a talla, o que, á súa vez, bloquea a resposta desexada e acaba sendo consulta habitual de profesionais da medicina, da psicoloxía e da sexoloxía, así como o consumo de fármacos. Sendo as disfuncións sexuais un nicho de mercado crecente nas últimas décadas, a súa orixe remítenos á homologación do modelo de resposta sexual humana proposto por Masters e Johnson hai medio século. A confesión da conduta sexual da poboación, obxecto de análise e branco de intervencións co desenvolvemento do capitalismo, como relata Foucault (1979), permitiulle á medicina, á psiquiatría e á xustiza controlala, o que derivou na diagnose, a clasificación de normal ou patolóxica, así como a súa posterior medicalización, intervención terapéutica e, en ocasións, cirúrxica.

Desde o modelo de resposta sexual de Masters e Johnson, coas súas fases de excitación, meseta, orgasmo e resolución, e a posterior incorporación da fase de desexo sexual de Kaplan, como o normal e desexable no camiño ao orgasmo satisfactorio, todo o que non siga estas fases pasará a ser etiquetado de disfuncional. Este modelo de base biofisiolóxica, coitocéntrica e finalidade reprodutiva, permitiu facer un catálogo de disfuncións sexuais en relación co desvío da norma. Baixo o autoengano de vivir en plena liberdade, o control social, a conformidade e a procura de identidade déixanos nunha posición de vulnerabilidade, que no caso do home gravita en torno ao rendemento con métricas peneanas relacionadas co tamaño, tempo, dureza e número de penetracións. Á preocupación polo pene, como

=====

AOS HOMES CÚSTA-
LLES SUPERAR AS
RESISTENCIAS A UN
CAMBIO NA FOCALIZACIÓ
N XENITAL
E PULSIÓN COPULA-
TORIA, A DIFERENZA
DAS MULLERES QUE
SE ESTÁN A APROPIAR
DA SÚA XENITALI-
DADE NO GOCE
ERÓTICO

=====

símbolo de poder, tamén se lle engadiu a tiranía do orgasmo simultáneo a través do coito vaxinal, que ante a popularización de «non hai mulleres frías senón homes incompetentes» fortaleceu a crenza de que os orgasmos femininos son unha responsabilidade fálica. O medo a fracasar farao estar máis pendente do seu desempeño sexual, polo que a ansiedade de execución encargárase da profecía autocumprida, que apareza a temida alteración, que etiquetada e diagnosticada, ás veces, intensifícaa. De aquí, que a consulta de moitas destas alteracións non sexan produto dun trastorno somático ou un efecto secundario dun tratamento farmacolóxico, senón da dificultade para alcanzar unha resposta estandarizada nun momento determinado. O feito de ver ameazada a súa virilidade, o temor de perder a súa parella ou a preocupación polo goce da muller, adoitan ser as causas de consulta. E da atención sexolóxica, con protocolos adaptados a cada disfunción, sen esquecer intervencións de alongamento de pene, dispositivos como bombas de baleiro ou próteses penéanas, á continua expansión desde hai dúas décadas da industria farmacolóxica, que baseándose en aspectos biofisiolóxicos non deixou de lanzar pastillas ao mercado como solución a calquera disfunción, desde o sildenafil, ao tadalafilo e o vardenafilo indicados para a alteración eréctil ou o priligy para as consideradas exaculacións precoces, por enumerar algunhas; este é o panorama actual.

Hoxe en día, a diferenza das mulleres que se están a apropiar da súa xenitalidade no goce erótico, aos homes cústalles superar as resistencias a un cambio na focalización xenital e pulsión copulatoria, aínda considerado como instinto básico de carnificación, e acompañarlo dunha globalización do seu corpo como xeografía erótica nos seus encontros heterosexuais, superar o medo ao pracer non catalogado e ás prácticas deslexitimadas, como as denomina Diana Torres (2011) en referencia ao hermetismo en deixarse explorar outras zonas como a anal. E é que a ameaza da homosexualidade latexa mesmo nos encontros con mulleres, porque a penetración, simbolicamente, é unha forma de dominación no home heterosexual; do mesmo xeito que está mal visto ser obxecto de desexo doutro home pois implicaría

COMO MENCIONAN
CHIS OLIVEIRA E
AMADA TRABA (2018),
NON PODEMOS
OBIAR A INTERIO-
RIZACIÓN DE NOVOS
MODELOS A TRAVÉS
DOS RELATOS DA
INDUSTRIA CULTU-
RAL E QUE PODEN
RESULTAR EMPOBRE-
CEDORES.

ser pasivo como as mulleres. Na xerarquía patriarcal o dominio segue sendo heterosexual sobre homosexual ou bisexual e, si a iso lle engadimos o temor ao compromiso ante a responsabilidade nunha relación estable, o poder reafirmar a súa virilidade en sucesivas conquistas, xunto coas demandas hedonistas da sociedade do inmediato, serían os maiores desafíos aos que se enfronta a masculinidade heterosexual de hoxe en día.

ADOLESCENCIA E EDUCACIÓN SEXUAL

A boa noticia é que este discurso comeza a estar obsoleto para moita xente nova e que espazos identitarios moi distintos estanse a visibilizar, do mesmo xeito que están a cambiar nas formas de relacionarse. Con todo, como mencionan Chis Oliveira e Amada Traba (2018), non podemos obviar a interiorización de novos modelos a través dos relatos da industria cultural e que poden resultar empobrecedores, como sucede ao establecer unha clasificación da orientación sexual, que baixo etiquetas de homosexual, heterosexual, bisexual, heteroflexible, asexual ou pansexual, por citar algunhas, permite á mocidade mostrarse con seguridade nas súas relacións á vez que poden estar a limitar a súa experiencia vital en canto ao desexo e a expresión sexual. Pero, aparte da falacia da libre elección baixo mandatos socializadores, preguntámonos, en que medida continúa afectándolles o modelo patriarcal ante unha falta de educación sexual?, e que podemos facer desde a educación sexual?

En relación coa posible influencia da mensaxe pornográfica, que mostra os homes sempre desexosos de ter relacións sexuais, con capacidades heroicas en manter ereccións infinitas e supe-ditadas ao coitocentrismo; cada vez é máis habitual atoparnos na consulta adolescentes que empregan Viagra de forma case sistemática ante o temor por non poder manter a erección, poñendo o peso da relación sexual nun exercicio case ximnástico de exposición cara ao seu *partenaire* en lugar de poñelo no íntimo, onde o que estaría en xogo serían os afectos e o encontro co outro. Merece unha coidadosa análise esta realidade, de

=====

HAI DATOS QUE EVIDENCIAN UN AUMENTO DE CONDUCTAS VIOLENTAS DENTRO DA CONFORMACIÓN DA PARELLA, AO MESMO TEMPO QUE PARECE DARSE UNHA FLORACIÓN DA EXPOSICIÓN DO AMOR ROMÁNTICO COMO UN IDEAL A TRAVÉS DE DIFERENTES MEDIOS CULTURAIS E DE COMUNICACIÓN.

=====

naturalización da pornografía e a súa influencia na xente nova, á hora de facer educación sexual tanto coas familias como nas escolas. Como profesionais, a fin de evitar resistencias, non se trataría tanto de censurar todo o pornográfico como de relegalo ao lugar que lle corresponde, o lugar da ficción. Do mesmo xeito que non se pode aprender a conducir tras o visionado de películas como «Fast and Furious», non é posible deixarse guiar polo porno para descubrir os armazóns que implican as relacións de intimidade. Isto fainos pensar na necesidade dun papel máis activo das persoas adultas neste ámbito, para que as fillas e fillos sexan conscientes, que do mesmo xeito que é ficción unha película de terror haberá que ampliar esta mirada cara ao porno, asegurando cuestións como, que estas películas están realizadas por actores e actrices, con tomas falsas, ou que o seu obxectivo é mercantil, o que poderá axudar a colocar o obvio no lugar que toca. Ademais de assimilar o pornográfico como xénero de ficción, é importante axudalos a poñer unha mirada crítica sobre este xénero, só así poderán discernir os modelos heteropatriarcais que se reproducen e aos que fixemos mención anteriormente.

Ademais do exposto ata agora, hai datos que evidencian un aumento de condutas violentas dentro da conformación da parella, ao mesmo tempo que parece darse unha floración da exposición do amor romántico como un ideal a través de diferentes medios culturais e de comunicación.

Como sabemos, a cuestión da violencia, sobre todo a exercida dentro do marco das relacións afectivas, preséntase como un tema de interese público que aos poucos vai sendo máis protagonista nas diferentes esferas sociais. Este feito podemos constatalo a través da aparición de diversos programas e guías de prevención deste tipo de condutas, como por exemplo o *Programa NamorAndo* da Fundación Claudio Naranjo ou a guía *Cntrl non é amor* financiada pola Xunta de Galicia. Respecto ao rebrote mencionado do ideal do amor romántico entre a poboación adolescente, é importante ter en conta que este trae consigo, de forma implícita, unha superioridade do home sobre a muller. Jesús Cruz e Belén Zurbano (2008) expoñen en relación con

SÓ EDUCANDO NA
 ESFERA DO SEXUAL
 PODERASE DESEN-
 MASCARARACULTURA
 DA DITADURA HE-
 TEROPATRIARCA
 EXISTENTE E QUE
 AÍNDAA SOLAGA AL-
 GUNHA AULA E UNHA
 PARTE DE SÚAS E
 SEUS AXENTES.

este feito que o amor romántico fomenta a separación de roles contrapostos; homes protectores, coidadores e empoderados nunha suposta superioridade a respecto das mulleres, que deben ser protexidas e coidadas. Desde esta conformación de roles preséntase unha muller vulnerable e, por tanto, dalgún modo inferior e agredible. Neste mesmo sentido, Zoraida de la Osa, Soledad Andrés e Isabel Pascual (2013) atoparon a existencia dun certo grao de acordo, entre mozos e mozas, á hora de considerar a violencia como unha conduta de reacción. Ademais, constataron a existencia de diversas crenzas sexistas coas que xustificaban a violencia machista, feito que resulta rechamante nunha sociedade que se supón máis libre e mellor informada. Por iso, como profesionais, é importante que remarquemos a diferenza entre información e educación, e que salientemos a necesidade dunha educación sexual de calidade, impartida por profesionais formados na materia, con presenza nas escolas ao longo de todas as etapas educativas. Só educando na esfera do sexual poderase desmascarar a cultura da ditadura heteropatriarcal existente e que aínda asolaga algunha aula e unha parte de súas e seus axentes. Esta reivindicación non só parte do colectivo profesional, senón que as e os propios adolescentes comezaron a reclamar este dereito de forma activa. Un exemplo desta activación e reivindicación adolescente sucedeu o pasado 14 de outubro de 2018, onde puidemos observar como o sindicato estudantil convocaba unha folga xeral para loitar contra o machismo en centros educativos e universidades, e reclamar a implantación da educación sexual no sistema educativo como unha materia avaliable e non como un concepto transversal que, como ben sabemos, adoita ser relegado ao limbo do esquecemento. Este feito debería levarnos á autocrítica do papel adulto-profesional nesta situación; están a pedirnos que nos mobilicemos, que nos formemos adecuadamente e que os acompañemos no seu desenvolvemento persoal. Un acompañamento libre de machismos, no que lles acheguemos ferramentas que os axuden a capacitarse e a lidar cun mundo sexual que sabemos que resulta central na construción da identidade e da saúde persoal e relacional.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Bauman, Z. (2005). *El amor líquido: acerca de la fragilidad de los vínculos humanos*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Burtler, J. (2010). *Deshacer el género*. Barcelona: Paidós.
- Cruz, J. e Zurbano, B. (2012, marzo). *Del mito del amor romántico a la violencia de género: configuración adolescente de los mitos románticos y efectos sobre conductas violentas*. Relatorio presentado no Primeiro Congresso Internacional de Comunicación y Género, Sevilla, España.
- De la Osa, Z., Andrés, S. e Pascual, I. (2013). Creencias adolescentes sobre la violencia de género. Sexismo en las relaciones entre adolescentes. *European Journal of Investigation in Health, Psychology and Education*, 3 (3), 265-275. Recuperado o 1 de decembro de 2018 de <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/4932244.pdf>
- Fandiño, R. e Rodríguez, V. (2018). *La lucha sexual de los adolescentes en la Hipermmodernidad*. Barcelona: UOC.
- Foucault, M. (1987). *Historia de la sexualidad I. La voluntad de saber*. Madrid: Siglo xx.
- Gómez, Á., Pérez, S. e Verdugo R. (2015). *El putero español. Quienes son y qué buscan los clientes de prostitución*. Madrid: Catarata.
- González, Á. (2017). *Masculinidad y estereotipos. Imagen y valores del nuevo modelo de hombre en publicaciones especializadas*. (Traballo fin de grao). IDUS. Recuperado o 16 de xaneiro de 2019 <https://idus.us.es/xmlui/handle/11441/64484>
- Jarpa, R. (2018). *Me aburrí del sexo*. Santiago de Chile: El Mercurio.
- Juliano, D. (2004). *Excluidas y Marginales*. Madrid: Cátedra.
- Lagarde, M. (2011). *Los cautiverios de las mujeres*. Madrid: Horas y Horas.
- Nuño, L. (2010). *El mito de varón sustentador*. Barcelona: Icaria.
- Oliveira, C. e Traba, A. (2018). *Ám@me*. Vigo: Galaxia.
- Rodríguez, C. (2008). *La sexualidad y el funcionamiento de la dominación*. Madrid: Traficantes de sueños.
- Torres, D. (2011). *Pornoterrorismo*. Tafalla: Txalaparta.



Purificación Leal Docampo e
Vanessa Rodríguez Pousada

BREVE RESEÑA

Purificación Leal Docampo

Psicóloga Sanitaria. Forma parte dos seguintes programas xestionados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia: GIPCE (Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias), Programa de Atención Psicolóxica a Vítimas da Violencia de Xénero, Programa Abrams o Círculo, Quenda de Garda Psicolóxica Especializada e Permanente en Violencia de Xénero e Programa de Mediación Familiar Intraxudicial. Enfermeira do SERGAS, con praza na Unidade de Hospitalización de Rehabilitación Psiquiátrica de Vigo.

Presidenta da Sociedade Galega de Sexoloxía (SOGASEX).

Vicepresidenta da Rede Galega Pola Igualdade (REGAI).

Experiencia docente e investigadora, sobre todo no campo da educación e saúde sexual e das violencias machistas.

Titulacións universitarias: Diplomada e Grao en Enfermería, Licenciada en Psicoloxía, Máster en Sexualidade Humana, Máster en Igualdade e Xénero no ámbito Público e Privado.

Vanessa Rodríguez Pousada

Psicóloga e psicopedagoga cunha longa traxectoria na intervención educativa, terapéutica e institucional con mozas e mozos.

Profesora colaboradora na Universitat Oberta de Catalunya (UOC) no Máster de Psicopedagogía.

Colabora na formación continua no Instituto Wilhelm Reich-Europa.

Membro fundador de ASEIA.

Vicepresidenta na Sociedade Galega de Sexoloxía.

MASCULINIDADE

Susana Paz Álvarez



RESUMO Masculinidade como reflexión persoal desde a ollada da filosofía, de maneira que poidamos facer un repaso do que significa ser home e ser muller ao longo da Historia pero sen esquecer o momento socio-cultural actual que estamos a vivir.

É importante manter presente que somos seres humanos que nos necesitamos para continuar a sobrevivir neste mundo tan aloucado. Destacando o bo e o non tan memorable de cada un pero prestando atención sempre á palabra *Educación*.

PALABRAS CHAVE Masculinidade, feminidade, poder, triunfo, sensibilidade, emoción, revolución, discriminación, aparencia, heroína, moralidade, dereito, deberes, virilidade, xénero, independencia, multidimensionalidade, coraxe, arbitrario, ADN.



Toda aprendizaxe ten unha base emocional.

PLATÓN

O máis fermoso do home viril é algo feminino;
O máis fermoso da muller feminina é algo masculino.

SUSAN SONTANG

Para falar da masculinidade podemos ir ao dicionario, revisar estudos estatísticos, observar os xornais... , pero a verdade é que o que podemos atopar tan só é un discurso político-social bastante correcto que a min, persoalmente, non me atrae demasiado por non ser moi axustado á realidade.

Se facemos una reflexión sobre o contexto sociocultural de hoxe en día, facendo fincapé no pensamento, vemos que é certamente convulso, onde as aparencias, as etiquetas, a colección de conceptos telegráficos emitidos a granel inundan os contidos de blogs, charlas nos palacios de congresos e nos libros de autoaxuda onde non se cuestiona nada (dentro deste vórtice de información, a *masculinidade* non se libra de estar presente en todos eles).

Tan só ao pronunciar ou ao visualizar a palabra *masculinidade* lembramos substantivos como valentía, coraxe, independencia, triunfo, seguridade, poder, competitividade, obxectividade... En contra, está a *feminidade*, é dicir, sensibilidade, dependencia, manipulación, debilidade emocional, capacidade interpretativa... Volvemos ás etiquetas que, case sen darnos de conta, imos herdando co paso do tempo, que repetimos automaticamente sen facer nada apenas para remedialo.

Ideas preconcebidas como verdades absolutas que foron defendidas enerxicamente por pensadores sisudos, filósofos coma Schopenhauer (na súa obra *O amor, as mulleres e a morte* onde describe que xa coa súa presenza, a muller revela que non está destinada para os grandes traballos intelectuais ou materiais, esa muller que usa argucias para troular o home coa finalidade de acadar certa posición social); a relixión -liderada por homes- será outra maneira de afianzar estas ideas enmascarando dentro dos dogmas de fe a da boa moralidade, moralidade que case sempre é estragada pola muller.

Por tanto, a masculinidade podía expoñer orgullosa, facendo ou desfacendo ao seu antollo e sen medo. As mulleres, por outra beira, debían de loitar por acadar o seu espazo, os seus sonhos, os seus desexos, contar historias como escritoras, expresar sentimentos, ensinar ou practicar ciencia... Hai centos de historias ao longo do tempo que a miúdo trataron de ser silenciadas pero que grazas á teima destas heroínas non fixeron máis que facelas aínda máis seguras e fortes.

Esta pegada tórnase *machacona* e desde a masculinidade medorenta e trasnoitada doutras épocas teiman para non se esqueza. Polo que a masculinidade asociámola a situacións restritivas.

Reflexionando un pouco máis e volvendo a vista cara a atrás, cando o ser humano pisou conscientemente a terra e desenvolveu unha serie de labores para a supervivencia, tiñamos bioloxías distintas pero moi complementarias que se irían perfeccionando xeración a xeración. Os homes adestraban as súas mañas para a caza que daba sustento e alimento mentres que a muller cultivaba a paciencia, o coidado dos pequenos, observa-

ba a natureza e producía menciñas para as doenzas ou feridas, mantiña o fogo vivo, entre outras. O noso ADN foise modelando e gravando todas as aprendizaxes vicarias que están dentro da experiencia de vivir.

Se seguimos camiñando, xa desde a Grecia clásica se fomentaría a dialéctica e a filosofía proponendo tamén o papel da masculinidade e da feminidade do mesmo xeito que no Imperio Romano. As Revolucións reproduciríanse de maneira máis ou menos ilustrada para defender terras, dereitos e deberes dos cidadáns que poboaban aquelas cidades.

Pero non sería ata a DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMÁNS, non moi lonxe no tempo, onde unha morea de países uniron forzas para deixar claro dunha vez que as persoas non deberán de ser discriminadas por razóns de sexo, raza, relixión ou opinión política.

Isto tennos que facer pensar e expresar o noso orgullo por ser outro tipo de home, outra masculinidade, ou de ser muller, con todas a consecuencias boas e non tan boas que ten a diferenza de xénero; mellor xuntos, porque volvo a repetir, complementámonos. Non vaíamos pasar o futuro reprochando uns aos outros porque isto só trae exclusión.

Non é adecuado deixarse levar cara a un terreo perigoso, caendo en discriminacións positivas que o único que farían é fortalecer un círculo vicioso que non trae solución para unha convivencia construtiva.

Coidemos as nosas palabras, os nosos xestos porque eles nos representan. Ensinar desde pequenos o positivo que resulta expresar a masculinidade e a feminidade que mora dentro de cada un de nós. Defender os nosos dereitos e deberes coma persoas.

Se nada muda todo indica que teremos unha sociedade doente, defensora de libertinaxes, concepcións sometidas a unha norma arbitraria e de obrigado cumprimento se non queremos ser purgados nas redes sociais porque non se está dentro do que a masa di; hedonismo patolóxico.

Respecto e empatía axudarían a eliminar todo iso que magoa, estas dúas palabras que simulan ser dúas antigüidades de museo, que soan moito nas orellas pero que non interiorizamos.

Espertemos a multidimensionalidade masculina e feminina. Fagamos homes e mulleres interesantes.

Penso que como psicólogos temos que fomentar a beleza que acolle ambos xéneros, cooperemos, comprendámonos e practiquemos a mirada cara ao outro. Dentro de cada un de nós albergamos toda unha aventura por descubrir e temos unha vida enteira para experimentalo. Enriquezémonos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- De Rotterdam, E. (2016). *Alabanza de la estupidez*. Barcelona: Ed. Penguin Random House.
- Fisher, H. (2000). *El primer sexo*. Madrid: Taurus.
- Fromm, E. (2016). *El arte de amar*. Barcelona: Paidós Ibérica.
- (2011). *Sobre la desobediencia*. Barcelona: Paidós Ibérica.
- Marina, J. A. e López, M. (1999). *Diccionario de los sentimientos*. Madrid: Anagrama.
- Montero, R. (1999). *Pasiones, amores y desamores que han cambiado la Historia*. Madrid: Aguilar.
- Rivière, M. (1999). *El mundo según las mujeres*. Madrid: Aguilar.
- Schopenhauer, A. (1985). *El amor, las mujeres y la muerte*. España: Edaf.
- VV. AA. (2007). *99 Cartas de amor*. Recopilatorio. Barcelona: Mondadori Random House.

BREVE RESEÑA



Susana Paz Álvarez

Susana Paz Álvarez

Licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Salamanca.

Conta cun Máster de Psicoloxía Forense pola UNED en colaboración coa Universidade Complutense de Madrid.

Exerceu no Centro de Saúde Mental de Salamanca e como psicóloga no Defensor do Menor da Comunidade de Madrid.


Tamén traballou no Departamento de Psicoloxía Social da Universidade Autónoma de Madrid para o desenvolvemento dun Programa de Atención a poboacións con risco de exclusión social.

Foi psicólogo no CEE das Barranquillas, para o seguimento e tratamento das mulleres drogodependentes e prostitutas.

Actualmente, exerce como psicóloga en diferentes aseguradoras médicas na actualidade en Galicia.

INFLUENCIA DAS MASCULINIDADES NA VIOLENCIA DE XÉNERO

M^a Luz Losada Somoza



RESUMO Este artigo está dividido en dúas partes, na primeira parte faise unha breve descrición das masculinidades, é dicir, como inflúe o modelo tradicional de masculinidade e de feminidade nas actitudes e nas construcións de homes e mulleres. Na segunda parte faise referencia aos obxectivos que se perseguen no traballo cos homes dentro do Programa Abramos o Círculo, contexto no que desenvolvo parte da miña actividade profesional. Trabállase con homes que desexan previr condutas violentas e aprender outras formas de comportarse dun modo máis construtivo, para eles e para as súas parellas, se aínda as conservan. Así mesmo, tamén se nomean certas marcas de contexto que se teñen en conta durante o transcurso do Programa, como a voluntariedade da participación no mesmo e que é un espazo de cambio para el e non de terapia de parella nin mediación de ningún tipo.

PALABRAS CHAVE Homes, mulleres, xénero, femias, machos, cultura, contexto, social, nenos, nenas, feminino, masculino, terapia conduta, control, impulso, sociedade, voluntario.

MASCULINIDADES NA VIOLENCIA DE XÉNERO

No contexto do presente artigo é ben sabido que o sexo é unha categoría asociada a características biolóxicas que temos as persoas. Desta forma, clasificámonos en femias e machos, estas dúas categorías son deterministas que non cambian nin a través do tempo nin das culturas.

Pola súa banda, o xénero é unha categoría social culturalmente construída e que en cada sociedade e cultura poden entender cousas diferentes que sexan do feminino e o masculino. O feminino e o masculino apréndese en cada contexto e, por tanto, pódese modificar. Aprendemos a ser homes ou mulleres, nenos ou nenas, mesmo antes do nacemento (cando o feto dá patadas e se observou na ecografía características físicas do sexo masculino, adóitase facer bromas con que vai ser futbolista,

AS PERSOAS ESTAMOS «OBRIGADAS» A APRENDER PARA SER O QUE SOMOS E A APRENDIZAXE DE XÉNERO É UNHA DAS MÁIS IMPORTANTES E PRIMEIRAS LECCIÓNS QUE NOS ENSINAN NAS INSTITUCIÓNS DA SOCIEDADE NA QUE NOS DESENVOLVEMOS.

pero se se observan características físicas do sexo feminino, xa se adoita falar de que vai ser moi inquieta pero en raras ocasións se dirá que vaia ser futbolista, xa que na nosa cultura séguese asociando deportes como o fútbol ao masculino).

As persoas estamos «obrigadas» a aprender para ser o que somos e a aprendizaxe de xénero é unha das máis importantes e primeiras leccións que nos ensinan nas institucións da sociedade na que nos desenvolvemos, na familia, na escola, cos iguais, no traballo, nas asociacións, nos medios de comunicación, nas redes sociais..., a través da socialización, interiorizamos, comprendemos e na maioría dos casos, aceptamos as normas e valores colectivos que rexen a convivencia. (Rocha, 2009)

O peor deste proceso é que, de maneira ás veces clara, outras veces subliminar, se premia a quen leva a cabo as normas establecidas e castígase e/ou exclúe a quen non as cumpren.

Aínda que este proceso non afecta por igual a todas as persoas, xa que non se reproducen os modelos exactos, xéranse pautas de comportamentos maioritarios que acaban reproducindo os estereotipos atribuídos ao masculino e ao feminino.

Esta socialización diferenciada por sexos nun sistema patriarcal como no que vivimos discrimina e oprime as mulleres («as mulleres son moi complicadas, choran por todo e non hai quen as entenda»), ao mesmo tempo que limita os homes para cumprir cuns estereotipos moi determinados (os homes son fortes, os homes non choran, os homes que se emocionan son débiles). Deste xeito, o mesmo comportamento en función do sexo do seu protagonista é valorado de forma diferenciada (Vega, Maza, Roitman e Sánchez, 2015).

O máis perigoso de todo isto é que non se trata de reflexións conscientes nin planificadas, as persoas non son conscientes destes razoamentos, e os roles de xénero que implican, senón que son pensamentos que se forman como resultado do proceso de socialización sexista e transversal, que lamentablemente acaba por «naturalizar» os estereotipos de xénero que son creados, compartidos e apoiados polos modelos dominantes. Deste xeito, é un proceso invisible polos membros da nosa sociedade que non son sensibles a esta problemática de xénero.

AS PERSOAS NON SON CONSCIENTES DESTES RAZOAMENTOS, E OS ROLES DE XÉNERO QUE IMPLICAN, SENÓN QUE SON PENSAMENTOS QUE SE FORMAN COMO RESULTADO DO PROCESO DE SOCIALIZACIÓN SEXISTA E TRANSVERSAL, QUE LAMENTABLEMENTE ACABA POR «NATURALIZAR» OS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO QUE SON CREADOS, COMPARTIDOS E APOIADOS POLOS MODELOS DOMINANTES.

Así, aos homes atribúeselles un rol masculino, un rol de prestixio social e relacionado co público. Con esta construción de xénero deben ser fortes, activos, independentes, valentes. Con todo, baixo dita construción de xénero as mulleres están asociadas ao rol feminino, un rol con pouco prestixio social e máis relacionado co ámbito privado, as tarefas do fogar ou o coidado. Desta forma, o que se espera delas baixo esta construción tradicional de xénero é que sexan sentimentais, pasivas, dependentes, medorentas. (Vega, Maza, Roitman e Sánchez, 2015)

Outro dos elementos importantes a ter en conta no proceso de socialización é a linguaxe, xa que a través da linguaxe representamos o mundo en que vivimos, como razoamos, identificámonos, sentimos e posicionámonos. De modo que, se esta linguaxe só fala en masculino, é unha linguaxe sexista, que non representa homes e mulleres en condicións de igualdade e contribúe así a manter a desigualdade na nosa sociedade. Substituír o masculino como xenérico por conceptos incluíntes como a «humanidade» ou «as persoas» axuda a visibilizar as mulleres, pero tamén a minimizar o exceso de representación masculina. (Ferrer e Bosch, 2013)

O espazo familiar pode ser fundamental nun proceso de cambio cara a actitudes máis igualitarias. Uns modelos de pais e nais igualitarios poden ser para os nenos e as nenas o punto de partida de novos referentes dunha masculinidade coidadora e comprometida. Nenos e nenas necesitan modelos de pais e nais igualitarios para así reproducir e recoñecer eses modelos nun futuro durante as súas vidas adultas.

Pero isto non quere dicir que exista unha identidade masculina e feminina únicas nin un modelo de masculinidade e de feminidade pechado, xa que cando observamos a realidade atopamos formas diversas de ser home e muller, condicionadas tamén pola idade, a clase social, a etnia, a condición ou a opción sexual, etcétera, polo que poderíamos falar dun modelo dominante ou hexemónico de masculinidade e de feminidade para cada sociedade e momento histórico, pero cunha diversidade de identidades masculinas e femininas e maneiras de ser home e muller nas nosas sociedades. (Lomas, 2007)

NOS ANOS QUE LEVO
 TRABALLANDO NON
 ATOPEI UN PERFIL
 CONCRETO DE HOME
 QUE ASISTE AO PRO-
 GRAMA ABRAMOS O
 CÍRCULO.

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Nos anos que levo traballando non atopei un perfil concreto de home que asiste ao programa Abramos o Círculo. Hai homes que tiveron grandes discusións coas súas parellas que desencadean que veñan a consulta. Para outros, a asistencia á terapia é unha condición que lles piden as súas parellas para continuar con eles, noutras ocasións, a súa parella xa os deixou, presionados polas mesmas, veñen ao programa como última oportunidade de cambio, aínda que desde o principio, na primeira cita déixase claro que volver coa parella non é un obxectivo da terapia, así como tampouco o é a terapia de parella. Os dous obxectivos principais cos que se traballan desde o Programa Abramos o Círculo son: previr comportamentos violentos e ofrecer atención e terapia a homes que queiran aprender a resolver conflitos sen violencia, de forma que chegan a lograr unha comunicación máis adecuada coa súa familia, e en particular, coa súa parella. Unha vez se está a traballar con estes homes valórase e trátase de lograr un acordo con eles e poñer outros obxectivos que dalgunha maneira influen na evolución da terapia. Estes obxectivos tamén poden ser:

Comprender o impacto que puido ter a súa forma de actuar e fomentar as relacións interpersoais baseadas na estima e no respecto.

- Asumir hábitos positivos de relación e de convivencia.
- Promover a flexibilización dos roles de xénero estereotipados.
- Revisar as crenzas culturais que contribúen a lexitimar as súas actuacións.
- Axudar a enfrontar os problemas e aumentar a súa propia responsabilidade sobre as súas condutas.
- Incrementar a empatía e a asertividade.
- Mellorar as habilidades sociais e de comunicación.

Malia que é certo que, aínda que non se contempla a posibilidade de facer mediación, nin terapia de parella, en ocasións, si solicitei a participación puntual da parella, para completar información ou obter un *feedback* da evolución da conduta do home.

É IMPRESCINDIBLE
TRABALLAR DESDE
ESTA PERSPECTIVA
DE XÉNERO PARA
ASÍ PODER PROPICIAR
UN CAMBIO REAL
NAS PERSOAS QUE
ASISTEN A TERAPIA
E EN PARTICULAR,
COS HOMES QUE
ASISTEN A TERAPIA
A TRAVÉS DO CITADO
PROGRAMA.

Trabállanse estes obxectivos debido a que durante a miña experiencia teño visto que algúns detonantes que provocan os comportamentos violentos cara ás parellas son a falta de control da frustración, non recoñecer os sinais que desencadean un episodio violento, os celos ou a baixa autoestima. Un exemplo no que se reflicte a baixa autoestima dalgúns homes que asisten á terapia a través do Programa é que cren que non son merecedores da estima da muller que teñen ao seu lado e a súa forma de enfrontarse a iso é menosprezar a muller, para que ela pense que vale pouco e deste xeito non crea que pode merecer unha vida mellor.

Aínda que ao principio desta exposición coméntase que algúns homes asisten presionados polas súas parellas, exparellas e mesmo en ocasións pola familia directa (pais, nais, fillos e fillas...), a participación na terapia é completamente voluntaria, de feito, é un requisito imprescindible para a súa inclusión. O programa non está pensado para homes que teñen pendente algún tipo de condena por violencia de xénero. É dicir, non serve como método de redución de condena. Con todo, si se pode utilizar por homes que foron castigados por cometer un delito deste tipo e que xa cumprisen as medidas impostas por un xuíz. Deste xeito, o alicerce básico da iniciativa é a vontade do participante no programa.

Entre os obxectivos fálase de «promover a flexibilización dos roles de xénero estereotipados» e «revisar as crenzas culturais que contribúen a lexitimar as súas actuacións», debido a que se observou que un denominador común a todos os casos é o machismo. A educación patriarcal que reproduce un modelo de relación amorosa baseada na posesión e/ou os celos marca a homes —e a mulleres—, que adoptan roles xa previamente aprendidos como os que se nomean na introdución do presente artigo.

É imprescindible traballar desde esta perspectiva de xénero para así poder propiciar un cambio real nas persoas que asisten a terapia, e en particular, cos homes que asisten a terapia a través do citado Programa.

AGRADECEMENTOS

Gustárame agradecer a Rubén Villar Trencó (coordinador do Programa Abramos o Circulo) e a Fátima López Rodríguez (anterior coordinadora do PAPMVX) que revisaron e asesoraron sobre o contido e a forma do artigo, ademais de ter o seu apoio e reforzo constante especialmente na miña actividade profesional.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Ferrer, V., Bosch, E. (2013) «Del amor romántico a la violencia de género. Para una coeducación emocional en la agenda educativa». *Profesorado, Revista de curriculum y formación del profesorado*, Vol. 17(1), 106-122.
- Lomas, C. (2007) «¿La escuela es un infierno? Violencia escolar y construcción cultural de la masculinidad». *Rev. De Educación*, 342, 83-101.
- Rocha, T. E. (2009) «Desarrollo de la identidad de género desde una perspectiva psicosocio-cultural: un recorrido conceptual». *Interamerican Journal of Psychology*, Vol. 43(2), 250-259.
- Vega, V., Maza, J., Roitman, D., Sánchez, M. (2015) *Identidad de género, construcción subjetiva de la adolescencia*. Universidad de Buenos Aires.

BREVE RESEÑA



Mª Luz Losada Somoza

Licenciada en Psicoloxía (2001), terapeuta familiar (2003). Foi terapeuta do «Programa de atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan unha situación de violencia de xénero» (PAPMVX), desde 2005 ata o 12 de marzo de 2019, data en que foi nomeada coordinadora do devandito Programa. É terapeuta do Programa Abramos o Círculo desde 2005. É membro do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

A súa relación con grupos de traballo do COPG, o GIPCE e o PAPMVX, fai que teña intervido en diferentes situacións de emerxencia en violencia de xénero.

Dirixe o Gabinete 2T Psicología nas súas dúas sedes, en Pontevedra e en Cambados, lugares onde fai intervencións psicolóxicas a nivel privado e para diferentes programas, empresas e aseguradoras.

OS MOZOS TAMÉN CHORAN

Octavio Salazar





#WETOO, Brújula para jóvenes feministas, Octavio Salazar. Planeta, 2019

#WETOO, Brújula para jóvenes feministas (Planeta, 2019), é un libro dirixido ás e aos máis novos, pero sobre todo aos mozos. A miña experiencia como docente universitario, así como en faladoiros e obradoiros con alumnado de Secundaria, permítille constatar que os adolescentes, e refírome singularmente aos homes, andan especialmente perdidos nun escenario no que o feminismo gaña espazo e no que as súas compañeiras cada vez pisan máis forte. Escrito de maneira moi divulgativa, e coa intención de que xere debates nas aulas e nas familias, **#WeToo** aborda cuestións como as relacións amorosas, o sexo, a violencia de xénero ou a diversidade afectivo-sexual. Aínda que as súas páxinas poden ser lidas por homes e mulleres, o foco ponse de maneira especial nuns mozos que se atopan perdidos entre a reacción neomachista que sacode o mundo e a ausencia de referencias de masculinidades alternativas á patriarcal. Entre outras cousas, porque como explico no capítulo que reproduzo a continuación, seguen a socializarse nunha virilidade que nega «o feminino» e que os converte en «estrinxidos emocionais».

SER «TODO UN HOME» PREXUDICA A SAÚDE

POR ISO É TAN IMPORTANTE QUE TODAS E TODOS SEXAMOS EDUCADOS PARA OS COIDADOS. E ISO REQUIRE, DE ENTRADA, QUE EMPECES A ABANDONAR A REFERENCIA DO SUPERHEROE E ASUMAS QUE TAMÉN ES VULNERABLE.

O ideal de fortaleza ao que os homes sempre tivemos que responder tivo consecuencias moi negativas para nós, e non só por tratar de ser heroes musculosos.

Os homes sempre nos levamos moi mal co noso corpo, no sentido de que sempre o concibimos como unha máquina (para traballar, para competir, para foder), pero non quixemos asumir que tamén é fráxil, que pode romper, que pode enfermar ou fallarnos cando menos esperámolo. É como se sempre estivésemos obrigados a ser uns «tipos duros», como se queixarse, mostrar debilidade ou sentirse fráxil fose cousa de maricas ou de *nenazas*. Esta actitude acábanos pasando factura, entre outras cousas, porque somos menos dados a revisar esa maquinaria que é o corpo e sempre actuamos como se fósemos irrompibles. Por iso é polo que, por exemplo, en ocasións sexa máis complicado no noso caso loitar contra determinadas enfermi-

OS EFECTOS NEGATIVOS DESAS ESIXENCIAS QUE NOS PRESIONAN DESDE QUE SOMOS NENOS MULTIPLÍCANSE AO NEGAR TODA ESA PARTE DE NÓS QUE TRADICIONALMENTE SE CONSIDEROU FEMININA. É DICIR, TODO O VINCULADO COAS EMOCIÓN,

dades porque non fomos previsores e pensamos que a máquina non nos ía fallar nunca. Facernos un simple recoñecemento, ou simplemente ir ao médico ante calquera síntoma, fáisenos moi costa arriba.

Os homes somos uns enfermos horribles. Quizais ti mesmo poidas poñerte de exemplo. Vernos paralizados, cando temos que permanecer na cama por unha enfermidade, sen poder cumprir o papel que se espera de nós, ponnos de malas e en moitos casos somos difíciles de aguantar. Como estamos afeitos a ter sempre quen coide de nós, habitualmente mulleres (nais, avoas, irmás, mozas, esposas), convertémonos nunha especie de déspotas e non valoramos adecuadamente o penoso e sacrificado traballo que é coidar, e que é unha tarefa que por inxusta tradición recae sobre as mulleres. Por iso é tan importante que todas e todos sexamos educados para os coidados. E iso require, de entrada, que empeces a abandonar a referencia do superheroe e asumas que tamén es vulnerable.

Os efectos negativos das esixencias que nos presionan desde que somos nenos multiplícanse ao negar toda esa parte de nós que tradicionalmente se considerou feminina. É dicir, todo o vinculado coas emocións, co que pasa por dentro, co que sentimos. Coas nosas debilidades. É coma se nos sentísemos obrigados a pechar os ollos a todo o que pode contradicir esa visión heroica do que significa ser un machote. Somos unha especie de discapacitados ou estrinxidos emocionais. Isto, unido á permanente necesidade que temos de ser e mostrarnos como triunfadores, dá como resultado unha mestura explosiva. Para nós e para quen nos rodea. Como ademais non estamos habituados a compartir esa parte nosa relacionada coas emocións e os sentimentos, calquera dificultade, calquera momento no que teñamos que elixir entre varias opcións, calquera obstáculo que atopemos fáisenos moito máis costa arriba.

Os homes somos moi pouco dados a falar das cuestións máis persoais e íntimas. Adoitamos gardalas para nós e iso, en ocasións, provoca que os problemas se agranden e que en moitos casos non saibamos ben como reaccionar. Por iso é polo que con frecuencia a nosa reacción diante de determinadas frustra-

ESPECIAL DE
MINORÍA DE IDADE
DE QUE TEMOS NO
EMOCIONAL PÁSA-
NOS MOITAS MÁIS
FACTURAS DO QUE
PENSAMOS.

cións sexa a ira ou a violencia. Estou practicamente seguro de que é moi pouco habitual que entre vós vos contedes determinadas cousas, que vos mostredes dubitativos e vulnerables, que se xere entre vós unha intimidade que vos permita coñecervos mellor e axudarnos. Temo que moitos seguides pensando que facer todo iso é das rapazas e que cando dous mozos teñen ese nivel de intimidade é porque son gays.

Esa falta de predisposición a asumir os nosos medos e inseguridades, a compartilos e a falar deles, ten terribles consecuencias. Por exemplo, na nosa vida de parella. Esa incapacidade para xestionar o que nos pasa por dentro, os nosos fracasos e frustracións, dá lugar a que en moitos casos os homes sexan violentos coas nosas compañeiras. Por iso, estou seguro de que, se traballásemos moito máis estes aspectos, as nosas relacións de parella serían máis saudables. En moitos casos, os conflitos poderían xestionarse falando, sendo capaces de poñer sobre a mesa os nosos puntos de vista, as nosas dúbidas e inquietudes, as nosas imperfeccións. Temo que entre mozos e mozas segue fallando esa comunicación. Quizais deberías empezar por considerar que ser un mozo tenro non lle resta nada á túa virilidade.

Esa especie de minoría de idade que temos no emocional pásanos moitas máis facturas do que pensamos. Aquí tes un dato que eu creo que pon en evidencia os enormes custos que acabamos pagando por ese concepto que temos do noso papel na sociedade. Verás que, en calquera estatística sobre suicidios, a porcentaxe de homes que se quitan a vida é máis do dobre que a de mulleres. Por exemplo, nos recentes anos de crise económica, nos que tantos homes perderon o traballo ou se arruinaron, moitos deles, incapaces de enfrontar esa situación crítica, quitáronse a vida. Cando falemos da violencia de xénero, tamén comentaremos como moitos asasinados machistas, tras acabar coa vida da súa parella, se suicidan. Creo que calquera destas referencias debería chegarnos para ter claro que ese modelo hexemónico de masculinidade é un serio problema para nós mesmos e para a sociedade no seu conxunto.

O ARTISTA BRITÁ-
 NICO GRAYSON
 PERRY DI QUE SOBRE
 NÓS ACTÚA PER-
 MANENTEMENTE
 UNHA ESPECIE DE
 MINISTERIO DA MAS-
 CULINIDADE,

UN MOZO DE VERDADE NON É UNHA NENAZA

Contareiche unha pequena anécdota da infancia do meu fillo. Sucedeu cando non tiña máis de cinco ou seis anos. Era unha tarde de verán e estabamos de piscina, co resto da familia. Cando todas e todos estabamos relaxados tomando un café, de súpeto oímos chorar un neno e enseguida nos alarmamos. O meu fillo achegouse chorando, con esa forza da que só un neno (ou unha nena) é capaz. Sinalaba o seu brazo e cando o miramos démonos conta de que lle picara unha abella e que o tiña inchado. Non recordo se a súa nai lle puxo algo sobre a inchazón, pero nunca esqueceréi o que a berros soltou un dos seus tíos: Non chores, non sexas maricallas, que os tíos non choran, home! Aquela simple frase doeume máis que se me desen unha labazada. Claro que ten que chorar! Se lle doe, ten que chorar!, creo que foi o que dixen.

Collino no colo, como cando era un bebé, e aos poucos foi acougando. Estivemos así un intre, ata que lle pasou a dor e volveu á piscina, a xogar cos seus curmáns. Na frase que o seu tío lle lanzou ao meu fillo, o clásico «os nenos non choran», está presente un dos trazos esenciais da masculinidade. A palabra *non* foi e é decisiva na definición do que implica ser un home, porque habitualmente a masculinidade definiuse en negativo. Ser un home implica non ser unha muller, e esa é unha lección que desde moi pequenos a sociedade encárgase de lanzar sobre nós. Se queremos ser homes de verdade temos que aprender a non comportarnos como se supón que o fan as nenas. Non só é que os nenos non choren, senón que tampouco visten de rosa, non lles gustan os xogos que teñen que ver coa casa ou cos coidados, non expresan as súas emocións, non se mostran débiles, non son románticos, non actúan en público con forzado recato e compostura, non se preocupan polo seu aspecto físico ou a súa roupa, non adoitan estar calados, non adoptan unha posición submisiva, non gozan indo de tendas, non controlan as súas paixóns... E así poderíamos seguir cunha longa lista.

O artista británico Grayson Perry di que sobre nós actúa permanentemente unha especie de Ministerio da Masculini-

E NON É PORQUE
 NON POIDAMOS
 FACELO, NON HAI
 NADA EN NÓS QUE
 NOS PREDISPOÑA A
 SER SECOS, ARISCOS
 OU INEXPRESIVOS,
 SENÓN QUE DESDE
 SEMPRE SE NOS
 EDUCOU PARA QUE
 RENUNCIEMOS A
 TODA ESA PARTE
 DE NÓS.

dade, o cal nos vixía e nos sanciona se nos separamos daquilo que se supón que debemos ser e facer. E todas as súas normas están marcadas polo rexeitamento do feminino. Por iso tamén se dixo que a homofobia, da que máis adiante falaremos, é un ingrediente esencial da masculinidade hexemónica. Homofobia entendida como expresión do temor dos homes «de verdade» a ser considerados polos demais como similares a unha moza. É dicir, como un traidor ao seu xénero.

O meu fillo, cando era moi pequeno, rebelóuseme un día cando se negou a poñer unha camiseta de cor rosa. Apenas tiña tres anos e sorprendeume velo afirmar de maneira tan tallante que aquela peza era de nenas. Aínda que afortunadamente fomos rompendo esas fronteiras absurdas que sempre houbo entre a roupa para home e a de muller, e cada vez hai máis pezas andróxinas, aínda hoxe os mozos sodes remisos a poñervos determinadas pezas polas cores que teñen, polos estampados ou polo tipo de tecido.

Quizá houbo unha maior relaxación en canto aos accesorios: os pendentes xa non son só de mozas, un mozo pode levar un pequeno bolso para meter as súas cousas, os chapeus e as gorras fóronse facendo cada vez máis unisex... Con todo, aínda é pouco frecuente atoparse cun grupo de mozos que, por exemplo, vaian de tendas xuntos, ou aos que vexamos gozar probándose roupa ou elixindo que van a poñer un sábado pola tarde. Pensa en cantos dos teus amigos, talvez ti mesmo tamén, seguen delegando nas mulleres que lles rodean —nais, mozas, irmás— a compra de determinadas pezas, ou ben, no mellor dos casos, seguen necesitando que elas os acompañen porque son as que teñen máis criterio para estes temas. Cousa que non farían, por exemplo, se saísen a mirar unha moto que desexan ter.

OS INVENCIBLES

A construción *en negativo* da masculinidade segue a ter unha terrible consecuencia: o noso rexeitamento a todo aquilo que teña que ver coas emocións e os sentimentos, unido á idea de

O MODELO HEXE-
 MÓNICO DE
 MASCULINIDADE
 OBRÍGANOS A QUE
 DALGÚN XEITO
 RENUNCIEMOS
 A EXPRESAR OU
 A COMPARTIR
 SENTIMENTOS E
 EMOCIÓN. E CANDO
 O FACEMOS, TEMOS
 ATA QUE XUSTI-
 FICALO, QUE DAR
 EXPLICACIÓN.

que nós sempre temos que amosarnos duros, valentes e invencibles. Nunca podemos dar a imaxe ou a sensación de que somos fráxiles ou covardes (iso é de rapazas). Lembra: *Invictus* é o nome dun coñecido perfume para homes, do que a súa publicidade constitúe o mellor exemplo de como hoxe en día se segue a reproducir o modelo máis tradicional de varón. Estes mandatos, os que controla o Ministerio da Masculinidade, fan que sempre teñamos que renunciar a unha serie de emocións que non son humanas e, polo tanto, non son exclusivas nin dos nenos nin das nenas. É dicir, que non teñen sexo, pero ás que o patriarcado si que clasificou con criterios de xénero. Por iso, aos homes en xeral cústanos tanto expresar o que sentimos, comunicar os nosos afectos e ata ser agarimosos cos demais. E non é porque non poidamos facelo, non hai nada en nós que nos predispóna a ser secos, ariscos ou inexpressivos, senón que desde sempre se nos educou para que renunciemos a toda esa parte de nós.

Esta mentalidade tivo dúas consecuencias terribles. A primeira, que os homes perderamos sempre moitos aspectos da vida, das relacións, da nosa humanidade, de tal xeito que non gozamos de todo aquilo relacionado cos vínculos emocionais, co coidado dos demais, coa expresión dos afectos. A segunda consecuencia foi que, como sempre fuximos desa parte emocional, en moitos momentos das nosas vidas convertémonos en seres incapaces de xestionar os nosos problemas, as dificultades que se nos ían presentando e as relacións afectivas con outros e con outras. Neste sentido, os homes somos discapacitados desde o punto de vista emocional.

Hai uns meses, as redes sociais fixéronse eco de como o cantante británico James Blake se revolvía fronte aos moitos comentarios que, tras o seu último lanzamento, a canción *Don't Miss It*, tachárono de «mozo triste». Blake explicouse nas redes sociais cunha mensaxe na que, entre outras cousas, dicía o seguinte: «Estou abafado pola boa recepción que tivo *Don't Miss It*, pola contra, non podo evitar darme de conta de que cada vez que falo dos meus sentimentos nunha canción, as palabras 'mozo triste' úsanse para describila. Sempre considerei que esta expresión, que se emprega para describir os homes que

SE FÓSEMOS QUEN
DE SUPERAR O
VELLO MODELO DE
HOMES INVENCIBLES
E INSENSIBLES, AS
CONSECUENCIAS SE-
RÍAN POSITIVAS NON
SÓ PARA NÓS, SENÓN
EN XERAL PARA
A SOCIEDADE.

falan abertamente dos seus sentimentos, é insá e problemática. O simple feito de pórllle unha etiqueta, cando xamais cuestio-
namos as mulleres que falan sobre as cousas polas que pasan, contribúe á historicamente desastrosa estigmatización dos ho-
mes que se expresan emocionalmente». O modelo hexemónico
de masculinidade obríganos a que dalgún xeito renunciemos
a expresar ou a compartir sentimentos e emocións. E cando o
facemos, temos ata que xustificalo, que dar explicacións. Por
suposto, o mozo que se deixa levar por toda esa parte emocio-
nal, con frecuencia é cualificado de 'brandiño' e enseguida se
cuestiona a súa 'masculinidade'.

ESTRINXIDOS EMOCIONAIS

Os homes somos racionais, pero tamén emocionais. Temos
permanentemente a necesidade de crear vínculos emocionais
cos demais, sentimos e non só pensamos, os acontecementos
dóennos ou alégrannos; a vida por veces impresionanos e outras
regálanos un subidón. Por supostos que temos dereito a estar
tristes, a chorar cando nos faga falta, a mostrarnos diante dos
demais vulnerables e fráxiles. Porque esa é a nosa auténtica na-
tureza, non a dos heroes das películas ou da historia, senón a
dos seres humanos que tamén dubidan, non sempre teñen todas
as certezas, equivócanse, fanse moitas preguntas, angústianse,
deprímense, entristécense.

A min sempre me gusta lembrar aquel partido de tenis en
que Rafa Nadal derrotou a Roger Federer que, como un neno
cativo, chorou diante de millóns de cámaras. Expresou a súa
tristeza, o seu enfado, a súa desilusión. Pero o máis importante
non foi só iso, tan pouco habitual nun terreo tan *masculinizado*
como o deporte, senón que todas e todos vimos como Nadal se
achegaba a el, abrazáballo con agarimo, consoláballo e tiña cara a
el un aceno que ben poderíamos enmarcar niso que antes cha-
mamos *ética do coidado*. Esa escena, insisto, tan pouco habitual
nun terreo tan competitivo como o do deporte, pecha todo un
programa de cal debería ser o futuro das masculinidades.

DEBERIAMOS CO-
MEZAR POR NON
CONSIDERAR NE-
GATIVO, NIN POR
TANTO, SENTIR
VERGOÑA POR ISO,
VIVIR CALQUERA
EMOCIÓN, EXPRE-
SALA, CHORAR,
COMUNICAR O QUE
SENTIMOS E FACELO,
A SER POSIBLE, SEN
AGRESIVIDADE.

Se fôsemos quen de superar o vello modelo de homes inven-
cibles e insensibles, as consecuencias serían positivas non só
para nós, senón en xeral para a sociedade. Hai uns anos púxo-
se moi de moda falar da *intelixencia emocional*, co obxectivo de
romper con esa visión tan racionalista do ser humano. Ten en
conta que neste aspecto tamén primou unha división binaria e
xerárquica, que non é outra que a que dividiu a realidade entre o
racional —que sempre se entendeu masculino— e o emocional
—por suposto, feminino. Esta distinción serviu, por exemplo,
para argumentar, como xa comentamos, que as mulleres, como
seres emocionais, non debían participar en política.

Unha das grandes revolucións que temos pendente é asu-
mir que todos os seres humanos, con independencia do noso
sexo, temos razón e emocións, e que ambas as dimensións son
fundamentais para construírnos, para entender o mundo e, por
suposto, para relacionarnos. E que vivir con toda a intensidade
o emocional é fundamental xustamente para o que falabamos
antes: para entender o outro e a outra, para recoñecelos como
iguais, para sentir como propia a humillación ou a discrimina-
ción do próximo.

Só asumindo esa parte emocional será posible que teñamos
relacións persoais moito máis ricas e, sobre todo, con máis posi-
bilidades de que non acaben por ser tóxicas ou prexudiciais. En
moitos casos, o fracaso nas nosas relacións prodúcese porque
moi singularmente os homes somos incapaces de xestionar o
que ten que ver co que sentimos. De aí que me pareza tan con-
tundente a expresión que usa Grayson Perry para referirse a esta
carenza tan masculina: somos estrinxidos emocionais. En que
consiste ese estrinximento? Pois, entre outras cousas, en que
non adoitamos falar dos nosos sentimentos, cústanos poñer en
palabras as nosas intimidades, é habitual que traguemos o que
nos doe, o que nos desconcerta, todo aquilo que non contro-
lamos. Cales serían as tarefas que deberíamos poñernos para
evitar esas malas dixestións?

Deberíamos comezar por non considerar negativo, nin por
tanto, sentir vergoña por iso, vivir calquera emoción, expre-
sala, chorar, comunicar o que sentimos e facelo, a ser posible,

TRÁTASE DE IR
ASUMINDO E INCOR-
PORANDO Á NOSA
FORMA DE SER, Á
NOSA VIDA, TODO O
QUE EXPLICABAMOS
SOBRE A ÉTICA DO
COIDADADO.

sen agresividade. Porque un dos problemas que tamén temos habitualmente os homes é que, diante desa incapacidade para xestionar as emocións, reaccionamos de xeito agresivo cara aos demais, cando no fondo o problema é noso ou cando non somos quen de asumir o noso fracaso, ou que estamos perdidos, ou que nos equivocamos. Neste sentido, cómpre puntualizar que non é tanto que nós non expresemos emocións, senón que máis ben damos prioridade a algunhas sobre outras. Por exemplo, a ira é unha emoción marcadamente masculina. E a ira adoita traducirse en agresividade cara aos demais, en violencia a miúdo. Pensa en cantas veces reaccionaches deste xeito *iracundo* cara aos teus pais, amigos ou parellas. Como máis adiante veremos, nesta mala xestión do noso interior atópanse con frecuencia as raíces da violencia de xénero.

E tampouco podemos esquecer que, nos últimos tempos, moitas mozas están comezando a asumir determinados comportamentos e actitudes que teñen que ver con ese referente masculino. É dicir, comeza a haber rapazas que reaccionan de maneira violenta, agresiva, iracunda. De entrada, porque diante dun mundo no que elas son as principais vítimas de violencias e de ataques de todo tipo, algunhas mozas comezan a aprender que teñen que defenderse usando as mesmas armas. De feito, cada vez hai máis publicidade ou series e ata películas nas que a mensaxe que se nos lanza é esa: a igualdade para por que as rapazas sexan igual de fortes, violentas e agresivas que os rapaces. Por outra banda, o modelo de comportamento que maioritariamente vemos na sociedade como o que triunfa, como o que sempre sae coa súa, como o que é máis admirado, segue a ser o masculino, o que aquí estamos a explicar como tradicionalmente masculino: o *machito* chulo, violento se cómpre, o *invictus* de toda a vida. Non é de estrañar, xa que logo, que mozos e mozas se miren nesa referencia e entendan que é a que deben asumir se queren triunfar na vida. Creo, aínda que isto é algo que me gustaría debater con vós, lectores e lectoras, que os dous factores anteriores nos levan a un mundo con máis violencia e problemas. Non creo que a igualdade real pase por que as mozas fagan as mesmas parvadas que os mozos levamos facendo toda a vida.

Como home que fun educado nese modelo de estrinximento emocional, sei ben que a tarefa que temos por diante non é fácil. E non o é porque o que se nos reclama é facer xusto o contrario do que durante séculos nos dixeron que tiñamos que facer. Trátase de ir asumindo e incorporando á nosa forma de ser, á nosa vida, todo o que explicabamos sobre a *ética do coidado*. Estou convencido de que é un dos retos que teríamos que poñernos se de verdade queremos converternos en mellores tipos, ou sexa, tamén en mellores fillos, mellores amigos, mellores mozos, mellores amantes. No canto de fuxir de todo iso que nos dixeron que era feminino, aprendamos a reconciliarnos con iso.

Sería unha magnífica estratexia para comezar a desvincularnos da *manada* da que, sen sabelo, ti tamén formas partes.

BREVE RESEÑA

Octavio Salazar (Cabra, Córdoba, 1969) é membro da Red de Hombres por la Igualdad e da Red Feminista de Derecho Constitucional e profesor de Dereito Constitucional da Universidad de Córdoba. Na súa faceta profesional traballa en liñas de investigación relacionadas cos aspectos xurídicos da participación política das mulleres, a cidadanía e a diversidade cultural, e ten recibido diversos recoñecementos de entidades que promoven a perspectiva de xénero na investigación.

Desde o seu primeiro libro, *Las cuotas electorales femeninas: una exigencia del principio de igualdad sustancial* (Universidad de Córdoba, 2001), at a actualidade, ten publicado un bo número de monografías e artigos en revistas académicas de Ciencias Sociais de temática e enfoque feminista, aos que suma libros de divulgación e artigos de opinión en medios de prensa como *El Diario.es*, *El País* ou *HuffingtonPost.es*. Trátase de publicacións principalmente dedicadas á igualdade de xénero, á participación das mulleres, ou ao papel dos homes na demanda dunha sociedade máis igualitaria.

Os seus libros de divulgación máis recentes, «*El hombre que no deberíamos ser*» (Planeta, 2018) e «*#Wetoo, brújula para jóvenes feministas*» (Planeta, 2019) teñen cobrado particular sona nun momento de eclosión da mobilización feminista na rúa e nos medios de comunicación. En boa medida, este éxito deriva da súa capacidade para transmitir nun estilo sinxelo e próximo, noemadamente para os homes máis novos, a reflexión sobre a toxicidade dos roles masculinos tradicionais e sobre o feminismo como corrente de pensamento e acción social liberadora para o conxunto da humanidade.

Como sinala o autor, *#Wetoo* diríxese aos mozos e mozas, pero particularmente aos primeiros, para animalos a reflexionar e incorporarse á reivindicación feminista. Convidado a colaborar neste número de Cadernos dedicado ás novas masculinidades, Octavio Salazar propúxonos a reprodución do capítulo do seu último libro que vimos de presentar.

Nota: a información para este perfil extraeuse principalmente da ficha do autor na web da *Red de Hombres por la Igualdad* e nalgúns dos medios de comunicación cos que colabora, así como da base de datos Dialnet (<https://dialnet.unirioja.es/>).

UNHA APROXIMACIÓN ÁS MASCULINIDADES, Á SAÚDE E AOS RISCOS LABORAIS

Josetxu Riviere Aranda



RESUMO O obxecto deste artigo é reflexionar sobre a relación da construción das identidades masculinas coa saúde e cos riscos laborais e en que forma esta análise nos serve para establecer medidas preventivas dirixidas especificamente a homes.

A aplicación da perspectiva de xénero á saúde e a prevención dos riscos laborais supón recoñecer o feito de que existe unha construción cultural e social distinta para cada sexo —construción de xénero—, e que por iso pode haber diferenzas entre mulleres e homes¹ en relación coa saúde no mundo laboral entendendo por esta, segundo a OMS (Organización Mundial da Saúde), o estado de pleno benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de enfermidade.

Na nosa sociedade, onde a desigualdade de mulleres e homes aínda é unha realidade, non existe un único modelo de masculinidade e non todos gozan do mesmo poder e prestixio sociais, analízase no artigo cales son actualmente os que gozan de recoñecemento na nosa sociedade e son influentes no mundo laboral en relación coa saúde e coa prevención de riscos.

PALABRAS CHAVE masculinidades, saúde, riscos laborais, prevención.

I. XÉNERO, MASCULINIDADE E MUNDO LABORAL

Para contextualizar a influencia dos mandatos de xénero da masculinidade tradicional ou hexemónica no ámbito laboral debemos partir da definición do sistema binario sexo-xénero tradicional e xerarquizado que organizou a nosa sociedade e que estableceu categorías separadas e fixas onde clasificar as persoas dependendo dos seus corpos. Categorías que se establecen como estancas e excluíntes entre si. Así, o concepto «sexo» (macho ou femia) refírese ao conxunto de características biolóxicas e anatómicas que diferencian unhas persoas doutras en

[1] No artigo utilizarei «homes» e «mulleres» por economía da linguaxe e referíndome a quen se identifique co termo aínda que son consciente de que ese binomio non recolle a totalidade de identidades existentes hoxe en día. Identidades diversas que xeran interesantes movementos e debates.

canto ao aparello xenital interno e externo, as características sexuais secundarias, os cromosomas ou a carga hormonal. A partir desta clasificación constrúense e superpóñense ao longo da vida as categorías de xénero, a construción social das categorías muller e home, feminidade e masculinidade. Tamén temos que ter en conta como se expresan os ideais de xénero (expresión de xénero) a través das representacións da idea de ser homes ou mulleres: a través da vestimenta, o comportamento, os intereses e as afinidades, masculina, feminina, andróxina. Á hora de definir as masculinidades e a súa construción social hai que ter en conta como se fixan na identidade as categorías sexo, xénero, expresión de xénero e orientación sexual nunha sociedade en que comezan a ser interpretadas e vividas de forma máis flexible e aberta, e onde outras formas de representar e definir a identidade, a bioloxía e a expresión de xénero (intersexuais, transexuais etc.), abren paso reclamando os seus dereitos civís e cuestionando o carácter pechado, excluínte e discriminatorio da norma sexo-xénero heterocentrista.

Como sinala Pilar Vallejo, a aplicación da perspectiva de xénero á prevención de riscos en relación coa saúde laboral «ha de tomar en consideración os riscos tamén en función da diferenza de xénero, por razón da súa maior prevalencia, incidencia e interacción, e mellor prevención, para unha máis adecuada xestión da prevención dos mesmos». Grazas á aplicación da perspectiva de xénero analizouse especificamente a situación das mulleres en relación coa saúde laboral, mentres antes a situación e as condicións concretas das mulleres no mercado laboral eran invisibles e os homes e as súas necesidades eran tomados como referencia universal. «Así atopamos con que o deseño dos postos de traballo, desde a organización dos espazos, pasando polos horarios, os equipos e as ferramentas, pensáronse, maioritariamente, seguindo un modelo masculino de traballador. Por exemplo, moitas ferramentas manuais de traballo deséñanse con parámetros anatómicos exclusivamente masculinos».

Como se sinala no manual *Factores psicosociales en el trabajo, perspectiva de género* 1 do IRSST «as mulleres están expostas a

diferentes riscos que os varóns no traballo, en función da súa maior presenza en sectores produtivos concretos (por exemplo, o sector téxtil, sanidade, servizos sociais etc.). Tamén hai máis mulleres en actividades relacionadas con movementos repetitivos, traballos monótonos ou de pouca creatividade». No manual anterior sublíñase que «estas condicións están unidas ao mantemento de roles de coidado, dobre presenza, precariedade laboral, contratación a tempo parcial. que fan que as mulleres teñan riscos específicos». Tamén é necesario resaltar que as mulleres teñen un maior risco de sufrir acoso sexual e por razón de sexo nas empresas que os homes.

Os estudos de xénero que se realizaron nas ultimas décadas comezan a mirar tamén a especificidade da influencia da construción da masculinidade nas relacións dos homes coa saúde e os riscos. A accidentabilidade e a saúde laboral están relacionadas fundamentalmente, entre outros factores económicos e sociais, coa precariedade laboral, coas condicións de contratación e cos métodos de produción que determinan unha maior ou menor exposición a riscos. Non se trata aquí de minimizar as principais causas de falta de dereitos laborais en canto á saúde e á prevención de riscos laborais, nin de obviar a desigualdade de mulleres e homes que existe no mundo laboral, senón de ter en conta que a exposición a riscos non é igual para homes e mulleres, non só por razóns biolóxicas, senón tamén e sobre todo pola masculinización ou feminización de determinadas profesións, pola discriminación que seguen sufrindo as mulleres, polas repercusións para a saúde da dobre presenza das mulleres no terreo laboral e no traballo doméstico e de coidado, pola presenza do acoso sexual e por razón de sexo no mundo laboral que padecen sobre todo as mulleres e polos mandatos da masculinidade tradicional.

Como se define a masculinidade ou as masculinidades actualmente e que relación se pode establecer coa saúde laboral e os riscos no traballo?

Michael Kimmel expón sobre a masculinidade: *A virilidade non é estática nin atemporal, é histórica; non é a manifestación dunha esencia interior, é construída socialmente; non sube á conciencia*

O «DEBER SER» DOS
 HOMES EXCLÚE
 CARACTERÍSTICAS
 E HABILIDADES
 EMOCIONAIS QUE
 SE ADXUDICAN ÁS
 MULLERES E SINA-
 LA ONDE ESTÁN AS
 ESIXENCIAS E CON-
 DICIÓNS PARA NON
 FRACASAR COMO
 HOMES.

desde os nosos compoñentes biolóxicos; é creada na cultura. A virilidade significa cousas diferentes en diferentes épocas para diferentes persoas.

Existe diversidade na forma de «representar» no individual e no colectivo a idea de masculinidade, de ser un home, entendendo a mesma, segundo J. Azpiazu como «a forma en que os mandatos de xénero (para os homes) son idealizados nunha especie de idea perfecta, intocable e inalcanzable». Pódese falar entón de *masculinidade* en canto a un modelo ideal, e de *masculinidades* referíndose ás «prácticas polas que os homes se comprometen con esa posición de xénero e os efectos destas prácticas na experiencia corporal, na personalidade e na cultura», tal e como sinala Connell. Así, aínda que existen *masculinidades diversas* que se expresan de xeito máis amplo que no pasado, é conveniente analizar se aínda conservan algúns límites marcados por unha idea xeral pechada e limitante da masculinidade, o que pode supoñer que aqueles homes que a transgreden son, dalgún modo, excluídos do grupo dos «homes» e dos privilexios que a sociedade continúa a concederlles polo mero feito de selo.

Actualmente hai unha idea menos ríxida que no pasado sobre a masculinidade. Hoxe atopamos con máis diversidade dentro das identidades masculinas pero cunha permanencia de ideas que marcan esas «crenzas» masculinas e as súas representacións sociais. Brannon e David sinalan que estes imperativos son: «non ter nada de muller (*no Sissy Stuff*), ser importante (*the big wheel*), ser resistente (*the sturdy oak*) e ser forte e valente (*give'em hell*)». O «deber ser» dos homes exclúe características e habilidades emocionais que se adxudican ás mulleres e sinala onde están as esixencias e condicións para non fracasar como homes.

Elizabeth Badinter, pola súa banda, sinala que os límites que marcan a idea de masculinidade non só teñen relación coas demostracións do ser, senón que tamén son importantes as demostracións do «non se debe ser», isto é, «non ser un neno, non ser unha muller, non ser homosexual». Xa que logo, non só atopamos con «obrigas» sociais para demostrar a masculi-

nidade e a virilidade, ser valente, ser forte..., senón que debemos diferenciar «as outras» identidades. Esta diferenciación vai acompañada dunha diferente xerarquización das súas posicións sociais. É dicir, que os homes non só teñen que ter un comportamento que non poña en cuestión a idea da virilidade senón que, ao tempo, a quen se afasta dese modelo tradicional éelles adxudicado un lugar de menor prestixio social, un lugar que comparten coas mulleres. Únese a idea da masculinidade ao lugar xerarquizado que deben ocupar os homes, pois a idea tradicional da masculinidade sempre estivo relacionada co uso e o goce do poder.

Cómpre sinalar que a identidade de xénero, aínda que importante, entrecruza con outras facetas da personalidade e con contexto social e político ao que pertencemos. Connell sinala que existen outros factores que xeran desigualdades entre as diversas masculinidades (masculinidades marxinais) e a interrelación do xénero con outras estruturas tales como a clase, a etnia, a orientación sexual e a relixión, crea relacións máis amplas entre as masculinidades e o poder na nosa sociedade. Non todas elas gozan das mesmas posibilidades e de idéntico poder e influencia.

II. MASCULINIDADES, SAÚDE E RISCO LABORAL

Sabendo que non existe un único modelo de masculinidade e que non todos gozan do mesmo poder e prestixio sociais, é interesante analizar cales son actualmente os que gozan de prestixio na nosa sociedade e son influentes no mundo laboral en relación coa saúde e a prevención de riscos. Podemos, pois, preguntarnos cal é a relación da idea de masculinidade tradicional cos riscos e a saúde en sentido xeral e de que xeito inflúe ese *ser resistente, ser importante e ser forte e valente* na saúde laboral.

Para contestar esa pregunta é conveniente ter en conta a perspectiva de xénero á hora de analizar os modelos de produción capitalistas, a relación dos homes coa saúde e a presión grupal e a competitividade masculinas respecto ás actitudes de risco.

PODEMOS, POIS, PRE-
GUNTARNOS CAL É A
RELACIÓN DA IDEA
DE MASCULINIDADE
TRADICIONAL COS
RISCOS E A SAÚDE EN
SENTIDO XERAL E DE
QUE XEITO INFLÚE
ESE *SER RESISTENTE*,
SER IMPORTANTE E
SER FORTE E VALENTE
NA SAÚDE LABORAL.

O modelo de produción non é alleo ao xénero, non é un modelo neutro, construíuse ao redor das crenzas de quen ostentaba o poder económico e político, ata hai pouco maioritariamente os homes, e foi ao redor dos seus valores e ideais de xénero como se organizaban os modelos produtivos. Desta maneira construíronse como valores positivos e «neutros» a dedicación plena ao traballo, unha organización do traballo en base a relacións xerárquicas, subliñando os valores de competitividade agresiva de control e poder, e sobredimensionouse a importancia do tempo dedicado ao traballo, prestando pouca atención ás persoas e as súas necesidades. Trátase dun modelo capitalista racional con excesiva represión emocional, que non contempla as necesidades socio-emocionais do persoal e onde se reforza a procura de logros individuais e non se cuestionan os roles e estereotipos de xénero, predominando os valores «masculinos» tradicionais.

Leire Gartzia sinala que na cultura empresarial se asociou a efectividade a elementos característicos da masculinidade e que os trazos aparentemente *neutros* «asociados á efectividade do liderado, a ambición, o logro, a independencia..., refírense a roles estereotipadamente masculinos».

Cómpre sinalar en todo caso que as empresas están a cambiar na súa definición do liderado e da produtividade e están a introducirse outros requisitos como a empatía, a colaboración ou a intelixencia emocional na xestión de equipos, que están máis afastados dese modelo masculino tradicional.

Entrando na relación da «masculinidade tradicional» co risco, coa saúde laboral e co autocoidado masculino, podíamos adaptar as preguntas que se fai o informe *Perspectiva de Género y Seguridad Vial* do Goberno Vasco sobre a relación do xénero e a seguridade laboral: como inflúen os valores tradicionais de xénero nos comportamentos positivos e negativos da saúde laboral?, recóllense indicadores de xénero nas actuacións?, cóñécese a realidade diferenciada segundo o sexo?, realízase unha abordaxe específica dirixida a mulleres e homes?, con accións diferenciadas?

Comezando pola influencia do ideal da masculinidade en relación co autocoidado nos homes, algúns estudos, como os

realizados por Luis Bonino, apuntan trazos masculinos específicos na interacción dos homes co sistema sanitario, por exemplo a dificultade para percibir signos de alarma corporal, infravalorándoos. A isto únese, ademais, o feito de non admitir nin diante de si mesmos nin diante dos demais o malestar que lle afecta. Todo iso provoca que habitualmente se pospoñan as consultas médicas e o posible diagnóstico dunha enfermidade. Tamén se sinalan as dificultades para seguir as prescricións facultativas e completar os tratamentos, o que repercute na curación das enfermidades. Quizais un dos exemplos máis claros do comportamento dos homes fronte ao coidado é a resistencia ás revisións prostáticas, que se revela como un problema importante na saúde dos homes. O cancro de próstata é o tipo de cancro máis diagnosticado en homes en España con 28.000 casos novos cada ano. Máis dun 85% das españolas maiores de 50 anos fan cada dous anos unha mamografía e sométense a unha revisión vaxinal que descarta ou detecta a presenza de células cancerosas no colo do útero. Pola contra, só o 50% da poboación masculina española maior de 50 anos pasa unha revisión periódica da próstata.

Benno de Keljzer subliña nesta liña que «cando traballamos o tema da masculinidade e a saúde, ademais da estreita relación que existe entre unha serie de características atribuídas ao masculino e certas enfermidades, unha cousa que resalta é a case total ausencia de medidas que favorezan a saúde a partir dos homes. Nos obradoiros, os homes recoñecemos a nosa dificultade para pedir axuda, a negación de que esteamos enfermos e a falta de incorporación de medidas de autocoidado tanto médicas como as que teñen que ver co estilo de vida». Así pois, existe un manexo da saúde e do autocoidado mediatizado por algúns mandatos de xénero para os homes.

En relación coas condutas de risco é frecuente ver en accións cotiás que os homes reforcen a súa identidade masculina mediante demostracións de valentía e de fortaleza que implican algún tipo de perigo. Son demostracións que, como sinala Kimmel, están suxeitas á «vixilancia de xénero», a ese «control continuo que os homes exercen sobre eles mesmos e sobre os demais homes en relación cos seus discursos e prácticas para ca-

É RAZOABLE PRE-
GUNTÁRMONOS
SE CONSTRÚEN OS
SEUS PRESUPOSTOS
PERSOAIS DE RISCO
DA MESMA MANEIRA
MULLERES E HOMES
E DE QUE XEITO SE
REFLICTE NO MUN-
DO LABORAL.

nalizarse no modelo idealizado de 'home de verdade'». Moitos homes adoptan actitudes de risco para conservar e aumentar o prestixio entre os seus iguais con demostracións públicas e continuas de masculinidade. Estas non son as mesmas nas diferentes etapas da vida² e en moitas ocasións transfórmanse e temperan, pero non desaparecen como método de «calibrar» a propia masculinidade alardeando publicamente delas, pois trátase fundamentalmente de demostracións públicas de valentía, aguante e resistencia. Estas demostracións enmárcanse nunha sociedade onde algunhas situacións de risco ten un gran prestixio social, por exemplo as carreiras de coches ou de motos, ou os «deportes de risco», onde o que conta sobre todo é o risco e o perigo que supón realízalos. Estes referentes, non por seren prácticas minoritarias teñen menos influencia social e hai que reflexionar sobre a relación que teñen na construción dos modelos de éxito masculino, xa que se segue a manter unha idea da autoestima masculina baseada en boa medida nos logros no público. Se se define «presuposto persoal de risco» como o tipo e a intensidade de risco que cada persoa considera que debe asumir para lograr o seu ideal de éxito persoal, económico ou social, e lograr así un nivel aceptable de autoestima ou recoñecemento, é razoable preguntármonos se constrúen os seus presupostos persoais de risco da mesma maneira mulleres e homes e de que xeito se reflicte no mundo laboral. Estes riscos dependen tanto de factores obxectivos como subxectivos. Son riscos que abarcan ámbitos ben diferentes e onde a capacidade de elección obxectivamente é distinta se traballamos para unha subcontrata cun contrato eventual ou noutras condicións laborais, ou se a empresa ten unha determinada cultura do risco e da saúde laboral. Está claro que inflúen diversos factores na capacidade de decisión sobre os riscos laborais a asumir.

[[2] O 66,80% das persoas mortas debidas a causas externas, as que teñen a súa orixe en accidentes, violencia, acontecementos ambientais, envenenamentos e outros efectos adversos, foron homes no Estado español entre 2007 e 2011 e diminúen sensiblemente a partir dos 45 anos.

MOITOS HOMES
ASUMEN RISCOS
EN RELACIÓN COAS
DEMOSTRACIÓNS
DA SÚA MASCULINI-
DADE NO MUNDO
LABORAL XA QUE
ISTO LLES OUTORGA
PRESTIXIO SOCIAL,
PÓDESE DICIR QUE
LLES É «ÚTIL» NO SEU
GRUPO SOCIAL DE
REFERENCIA.

É certo que o sentido do risco ten nalgúns casos un forte compoñente de subxectividade, xa que está asociado a características propias e individuais e tamén, en certa medida, a contextos sociais concretos. Mary Douglas emprega o termo «inmunidade subxectiva» para referirse á propensión das persoas para creerse invulnerables diante do risco, xa que mostran un exceso de confianza depositada nas súas accións debido á familiaridade das súas rutinas sociais, ao realizalas continuamente como, por exemplo, realizar o mesmo traballo durante moitos anos ou facer diariamente o mesmo percorrido en coche.

Tendo todo isto en conta, moitos homes asumen riscos en relación coas demostracións da súa masculinidade no mundo laboral xa que isto lles outorga prestixio social, pódese dicir que lles é «útil» no seu grupo social de referencia.

A prevalencia dos homes nas estatísticas de accidentabilidade laboral debería ser analizada tamén desde este prisma de xénero.


E en lugar de concluír de maneira automática que son as características dos diferentes sectores produtivos os que os fan máis «perigosos», deberíase contemplar tamén que os valores empresariais maioritarios e a cultura da masculinidade dominante inflúen dalgún xeito neles. Como sinala o estudo da OIT sobre seguridade e saúde no traballo para homes e mulleres: «Os investigadores tamén observaron que os homes tenden a adoptar menos medidas preventivas e de protección para efectuar o seu traballo que as mulleres». Isto concrétase, entre outras actitudes, nunha maior resistencia por parte dalgúns homes para adoptar medidas de seguridade, unha tendencia para establecer maior competitividade entre eles na realización de tarefas, ou maiores dificultades para solicitar axuda porque consideran que é unha mostra pública de debilidade. En opinión de José Eduardo Parra, en contextos moi masculinizados, «os homes tenden a omitir ou minimizar os danos causados polo traballo, pois, como homes, considéranos unha naturalización do seu desempeño laboral e, por tanto, asocian a maneira masculina de conducirse con ideas de maior fortaleza e invulnerabilidade diante dos riscos e dos padecementos laborais».

Estadística de accidentes de trabajo. Índices de incidencia

Índices de incidencia de accidentes de trabajo en jornada con baja (I)

Se presentan los índices de incidencia de accidentes en jornada con baja, por secciones de actividad económica.

Accidentes al mes por cien mil trabajadores:




(*) Dato atípico en la incidencia mortal para la actividad U (Actividades de organizaciones y organismos extraterritoriales), con 1 único accidente mortal, el primero desde 2006, sobre una actividad con menos de 3.500 trabajadores.

Estadística de accidentes de trabajo. Datos absolutos

Accidentes de trabajo en jornada (VI)

Accidentes de trabajo en jornada con baja y mortales, por sexo



Fonte: OIT. Seguridad y salud en el trabajo para hombres y mujeres
«La igualdad de género en el corazón del trabajo decente».

UNHA DAS VÍAS DE
COIDADADO DA SAÚDE
E DA PREVENCIÓN
DE RISCOS LABO-
RAIS DEBERÍA SER A
ORGANIZACIÓN DE
CAMPAÑAS ESPE-
CÍFICAS DIRIXIDAS
AOS HOMES, QUE
INCIDAN NO CUES-
TIONAMENTO DA
MASCULINIDADE
TRADICIONAL

Un exemplo de todo isto nun modelo de produción moi masculinizado e con alto risco é o estudo realizado por Robin J. Ely e Debra E. Meyerson en varias plataformas petroleiras do Golfo de México a mediados dos anos 90. No seu estudo comprobán que a cultura laboral existente desalentaba que se pedise axuda, se admitisen erros ou se construíse un sentido de comunidade. Na opinión dun dos seus traballadores, «os traballadores de campo eran como unha manda de leóns. O home que estivese a cargo era o único que podía traballar mellor, berrar máis e intimidar os demais. Intimidación era o nome do xogo». Tras realizar o estudo aplicaron unha serie de medidas no sentido de cambiar a cultura do traballo como os premios aos traballadores que non se comportaban de forma agresiva, o reforzamento da idea de cooperación e de aprendizaxe, o recoñecemento non punitivo dos erros e outras semellantes. Segundo Ely, era preciso «converterse nunha organización que aprende porque se require que as persoas admitan os seus erros, que aprendan do fracaso e que pidan axuda, todos os comportamentos que van en contra do estereotipo de masculinidade». A partir desas medidas, o nivel de accidentes baixou un 84% cunha alta produtividade. É evidente que as condicións dos diferentes traballos implican riscos para a saúde e non comparables, pero é igualmente certo que corrixir unha cultural laboral moi masculinizada nese mesmo contexto reforza a prevención na saúde e diminúe a accidentabilidade.

III. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS

Estas consideracións arredor da relación das masculinidades coa organización laboral, coa autopercepción da saúde e coas prácticas de risco indica que unha das vías de coidado da saúde e da prevención de riscos laborais debería ser a organización de campañas específicas dirixidas aos homes, que incidan no cuestionamento da masculinidade tradicional e dos seus valores fundamentais. Contestando algunhas das preguntas que se sinalaba anteriormente, coñécese a realidade diferenciada segundo

=====

CÓMPRE APLICAR
A PERSPECTIVA DE
XÉNERO PARA DIRI-
XIRSE AOS HOMES,
TANTO NA ORGANI-
ZACIÓN LABORAL
COMO NO SEU QUE-
FACER INDIVIDUAL,
PARA QUE CUESTIO-
NEN E SE AFASTEN
DOS MODELOS
MASCULINOS
TRADICIONAIS

=====

o sexo?, realízase unha abordaxe específica dirixida a mulleres e a homes?, con accións diferenciadas? Parece evidente a necesidade de realizar un estudo segregado da situación de mulleres e homes en relación coa saúde e a seguridade laboral. O informe da OIT citado anteriormente sinala nas súas recomendacións que é preciso «elaborar políticas eficaces de Saúde e Seguridade laboral, tanto nacionais como internacionais, baseadas na información máis precisa sobre a relación entre a saúde e o papel que cumpre cada xénero». Igualmente, cómpre realizar abordaxes específicas dirixidas aos homes (e ás mulleres) con accións diferenciadas. É dicir, se analizamos que nalgúns comportamentos de risco laboral inflúe a construción social da masculinidade, está claro que sería útil realizar campañas que o teñan en conta e que se dirixan de xeito diferente ás mulleres e aos homes, xa que as súas subxectividades identitarias son diferentes en función de como reproducen os mandatos de xénero. Campañas coa a de Suzuki, *Mujer tenías que ser*, onde se comparan as cifras de accidentabilidade e de sancións de mulleres e de homes, valorizando as mulleres como modelo de condución en contraposición co estereotipo sexista de «muller tiña que ser», pode ser un exemplo para ter en conta. Se se considera que, como sinala Elizabeth Badinter, «os esforzos esixidos aos homes para que sexan conformes ao ideal masculino, provocan angustia e dificultades afectivas, medo ao fracaso e comportamentos compensatorios potencialmente perigosos e destrutores», é interesante abordar estes cambios como algo beneficioso para os propios homes. Polo tanto, cómpre aplicar a perspectiva de xénero para dirixirse aos homes, tanto na organización laboral como no seu quefacer individual, para que cuestionen e se afasten dos modelos masculinos tradicionais e lle dean referencialidade a outros comportamentos que visibilicen e poñan en valor modelos menos pechados, máis andróxinos e igualitarios.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Azpiazu Carballo, J. (2017). *Masculinidades y feminismos*. Barcelona: Virus.
- Badinter, E. (1993). *La identidad masculina XY*. Madrid: Alianza Editorial.
- Bonino, L. (2002). «Masculinidad hegemónica e identidad», en *Masculinitats. Mites, de/construccions i mascarades, Dossiers feministes*. Nº 6.
- Masculinidad, salud y sistema sanitario. En Ruiz-Jarabo Quemada, C. e Blanco Prieto, P. (coord.) (2015). *La violencia contra las mujeres: prevención y detección: cómo promover desde los servicios sanitarios relaciones autónomas, solidarias y gozosas*. Madrid: Díaz de Santos.
- Calvario Parra, J. E. (2017). Masculinidad, riesgos y padecimientos laborales. Jornaleros agrícolas del poblado Miguel Alemán, Sonora.
- Connel, R. (1995). «La organización social de la masculinidad». Biblioteca Virtual de Ciencias Sociales Web para el desarrollo de las ciencias sociales en Perú.
- De Keijzer B. El varón como factor de riesgo: Masculinidad, salud mental y salud reproductiva. En: Tuñón E, (coord.) (1997). *Género y salud en el sureste de México*. Villa Hermosa: ECOSUR-UJAD.
- Douglas, M. (1996). *La aceptabilidad del riesgo según las ciencias sociales*. Barcelona: Paidós Ibérica.
- El Periódico*, 3/10/2008. El periódico de la farmacia. 2017.
- Ely, R. e Meyerson, E. (2007). *Unmasking Manly Men: The Organizational Reconstruction of Men's Identity*. Harvard Business School Working Paper, March 6.
- Estudio perspectiva de género y seguridad vial* (2016), Murgibe. Consultoría de Igualdad, Gobierno Vasco.
- Gartzia Fernández, L. (2011). *Empresas del siglo XXI: de pensar en «masculino» a pensar en «andrógino»*. Tese doutoral. Deputación Foral de Guipúscoa.
- Kimmel, M. (1997). «Homofobia, temor, vergüenza y silencio en la identidad masculina», *Masculinidades. Poder y crisis*, Ediciones de las Mujeres.
- (1997-1994). «Homofobia, temor, vergüenza y silencio en la identidad masculina», en Teresa Valdés y José Olavarria (eds.) *Masculinidad/es. Poder y crisis*. Ediciones de las Mujeres, nº 24. Isis Internacional-Flacso Chile.
- Mujer tenías que ser. <https://vimeo.com/207471748> (consultado o 15 de xullo de 2019).
- OIT. *Seguridad y salud en el trabajo para hombres y mujeres «La igualdad de género en el corazón del trabajo decente»*.

Salud y riesgos laborales con perspectiva de género. Herramienta de apoyo
X. Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade de España.
Vallejo, P. (2008). Salud y género: perspectiva de género en la salud laboral.
Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Nº Extra 74.

BREVE RESEÑA



Josetxu Riviere Aranda

Josetxu Riviere Aranda

Diplomado en Maxisterio e Máster en Igualdade de Mulleres e Homes da UPV/EHU. Traballou na asociación cultural Hikaateneo Elkarte de Vitoria (2001-2007). Ten participado en diversos movementos sociais e políticos e desde 2007 traballa con temas relacionados coa igualdade, os homes e as masculinidades.

Actualmente traballa na Cooperativa Berdintasun Proiektuak, unha consultora onde coordina distintos proxectos para a igualdade.

Durante unha década coordinou a Secretaría Técnica da Iniciativa Gizonduz, un programa dirixido a favorecer e impulsar a incorporación dos homes á igualdade, impulsado polo Emakunde, o Instituto Vasco da Muller.

